

Unha aposta polos programas de formación e emprego

*Guía para entidades promotoras
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego*

Publicación elaborada pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Directora:

Zara Pousa Arbones

Equipo técnico:

José Manuel Búa Gil

Blanca González De La Cuesta

Julio A. López Walliser

Silvana Martínez Rodríguez

Isabel Pérez Núñez

M^a José Piñeira Mantiñán

Xulio Troitiño Dapena

Berta Saavedra Fernández

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Deseño gráfico e maquetación:

Óptima Vigo, s.l.

Imprime:

Tórculo

Depósito legal:

VG - 1080 - 2003

INDICE

| | |
|---|-----|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 9 |
| 2.- OS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO..... | 15 |
| 2.1. ¿Que é unha escola obradoiro e un obradoiro de emprego?..... | 15 |
| 2.2. Emprego VS formación | 16 |
| 2.3. A súa estrutura | 17 |
| 2.4. Similitudes e diferencias e entre unha escola e un obradoiro | 19 |
| 3.- UNHA VISTA ATRÁS | 23 |
| 3.1. O comezo do programa | 23 |
| 3.2. O caso galego | 24 |
| 4.- OS PROXECTOS | 29 |
| 4.1. Un proxecto coherente co territorio | 29 |
| 4.2. O proxecto dentro dun plan de emprego | 31 |
| 4.3. O proxecto e a súa función social | 32 |
| 4.4. A potenciación dunha formación integral | 33 |
| 5.- A ELABORACIÓN DO PROXECTO | 39 |
| 5.1. ¿Quen pode solicitar unha escola ou obradoiro? | 39 |
| 5.2. Requisitos | 40 |
| 5.3. ¿Que partes conforman un proxecto? | 42 |
| 5.3.1. Socioeconómico | 42 |
| 5.3.2. Plan formativo | 44 |
| 5.3.2.1. Composición | 44 |
| 5.3.2.2. Temporalización | 48 |
| 5.3.3. Obra e servizo | 49 |
| 5.3.3.1. A realización dunha obra | 50 |
| 5.3.3.2. A prestación dun servizo | 56 |
| 5.3.3.3. Intervencións de carácter mixto | 56 |
| 5.3.4. Orzamento | 57 |
| 5.4. Tramitación | 60 |
| 5.4.1. ¿Como se presentan? | 60 |
| 5.4.2. ¿Quen os aproba? | 61 |
| 5.4.3. ¿Que criterios seguen para facer a valoración? | 61 |
| 5.4.4. ¿Qué prazo ten a Consellería para aprobar os proxectos?.. | 62 |
| 5.4.5. ¿Cando se recibe a subvención? | 63 |
| 6.- REFLEXIÓNS CARA A MELLORA DOS PROXECTOS | 67 |
| 6.1. O papel da entidade promotora | 67 |
| 6.2. Unha aposta pola innovación | 70 |
| 6.3. Unha ollada cara outras experiencias | 73 |
| 7.- AS UNIDADES DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO | 77 |
| 7.1. A súa orixe | 77 |
| 7.2. O papel das UPDs | 79 |
| 8.- A UPD RESPONDE | 85 |
| 9.- GLOSARIO | 91 |
| 10.- BIBLIOGRAFÍA | 101 |



INTRODUCCIÓN

Desde que se publicou o *Libro Blanco de Delors sobre crecimiento, competitividad y empleo*, no ano 1993, a acción polo emprego é unha prioridade común de todos os estados membros da Unión Europea. Tanto desde esta institución como desde as administracións públicas nacionais, autonómicas e locais estase apostando por aplicar unha estratexia común a prol da creación de emprego como vía para acadar o benestar social dos seus cidadáns e o progreso socioeconómico dos territorios.

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado de traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas.

Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral dos desempregados, capaces, entre outros aspectos, de mellorar a empregabilidade e a adaptabilidade, de fomentar o espírito de empresa e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. En definitiva son políticas que incrementan o nivel formativo da poboación activa, favorecen a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentan a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promoven e incentivan a iniciativa empresarial e a contratación.

Dentro destas políticas activas podemos diferenciar aquelas que se dirixen propiamente á mellora da empregabilidade, na que se inclúen medidas de formación, información e asesoramento para a busca de emprego e intermediación laboral, e políticas dirixidas ó fomento do emprego, ben por conta propia ou allea.

Neste último, caso é no que se desenvolven os Programas de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego, que avogan por unha formación integral en alternancia coa práctica profesional. Nesta liña de traballo, o Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia están a investir importantes recursos, en concorrencia coa colaboración e o esforzo que desenvolven as propias entidades públicas ou privadas que promoven estes proxectos, co obxecto de dar resposta as altas taxas de desemprego xeradas na maioría dos casos por unha falla de cualificación profesional e motivación cara ó emprego.



Neste senso, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, como equipo de apoio ós programas públicos de emprego e de promoción das potencialidades de desenvolvemento dun territorio, ven colaborando desde 1999 coa Sección de Escolas Obradoiro da Delegación Provincial da Consellería correspondente da Xunta de Galicia no deseño de iniciativas de formación-emprego e no asesoramento e apoio a distintas entidades da provincia de Pontevedra na elaboración de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, a través dun servizo permanente de atención ós potenciais promotores destas iniciativas.

Esta experiencia de colaboración coas futuras entidades promotoras dos proxectos de escolas e obradoiros, permitiu detectar en numerosas ocasións, un certo descoñecemento por parte destas sobre as características e obxectivos dos programas públicos e unha certa carencia de información ó respecto de cómo deseñar e redactar un proxecto.

Por este motivo, a UPD decide elaborar unha guía destinada a cubrir na medida do posible ditas carencias e necesidades, orientando e aportando información de utilidade ás entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que pretenden desenvolver unha escola obradoiro ou un obradoiro de emprego no seu territorio.

Este documento persigue, polo tanto, o dobre obxectivo de informar e sensibilizar ás entidades promotoras arredor dos fins e características destes programas públicos de emprego.

Por unha banda, a guía concíbese como un instrumento de información, que procura recoller documentación suficiente para coñecer estes programas, os requisitos que deben cumprir as entidades promotoras interesadas na promoción destes proxectos e os elementos que se deben ter en conta para levar a cabo o seu deseño e elaboración. E, pola outra, como instrumento de sensibilización, xa que se pretende dar un maior recoñecemento da función social destes programas e trátase de facer comprender ás entidades promotoras que os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego son, por riba de todo, unhas ferramentas de intervención para a inserción socio-laboral de colectivos con dificultades para o acceso ó emprego, e que é fundamental garantir que se cumpran os obxectivos que estes pro-



gramas se marcan: a consecución de emprego mediante unha fórmula de aprendizaxe que garante formación e experiencia en actuacións de utilidade pública ou interese social.

A guía divídese en varios apartados que explican dunha forma obxectiva a estrutura e filosofía dos programas, qué se debe ter en conta para a elaboración dos proxectos, cómo desenvolvelos para melloralos e con quen contar para redactalos.

Debemos indicar que para favorecer a claridade dos contidos desta guía, farase na mesma, unha exposición común dos programas de emprego-formación, tratando de forma case indistinta ó programa de escolas obradoiro e o programa de obradoiros de emprego, salvo nos casos nos que sexa necesario ou recomendable facer unha exposición separada de ambos programas ou do tipo de proxecto a desenvolver.





*Os PROGRAMAS DE
ESCOLAS OBRADOIRO E
OBRADOIROS DE EMPREGO*

2.1. ¿Que é unha escola obradoiro e un obradoiro de emprego?

Trátase de programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción de colectivos con dificultades para a súa incorporación ó mercado laboral. Este obxectivo acádase ofrecendo ós participantes unha profesionalización e experiencia a través da cualificación en alternancia coa práctica laboral en ocupacións relacionadas con calquera actividade de utilidade pública ou de interese xeral e social.



Tanto as escolas como os obradoiros precisan para a súa posta en marcha dunha entidade promotora, pública ou privada, sen ánimo de lucro, que dirixa as actuacións cara obras ou servizos cun importante calado social, realistas e baseadas nunha necesidade obxectiva de afrontar o desemprego dun territorio determinado, de forma coordinada con outros programas de fomento do emprego e de desenvolvemento local.



2.2. Emprego VS formación

Tal e como se reflicte no cadro anterior, os métodos ou procedementos a través dos que se conseguen os obxectivos dunha escola ou obradoiro son:

- Unha formación profesional teórica e práctica que proporcionará ó alumnado traballador cualificación nunha especialidade concreta.
- Unha experiencia profesional que se adquire a través da realización dos traballos reais nas obras e servizos de utilidade pública ou social.

Ambos tipos de accións, formación e experiencia, son indispensables para que poida existir unha escola obradoiro ou obradoiro de emprego. Se algún deles falta, haberá que proporcionar ás persoas outro tipo distinto de instrumento. Por exemplo, se só se require formación, organizarase un curso de formación ocupacional, e se só se pretende realizar unha obra ou servizo farase un contrato de fomento do emprego, pero en ningún dos dous casos se debe crear un proxecto destas características.

As escolas e obradoiros pódense considerar coma unha empresa cunha duración determinada creada para realizar unha obra ou servizo concreto, para ofrecer uns coñecementos específicos e que proporciona unha formación que abrangue non só a acumulación de contidos técnicos e as destrezas correspondentes para a súa posta en práctica, senón tamén a conducta e a actitude imprescindible cara a disciplina laboral e os hábitos de comportamento social necesarios para desenvolver un traballo en equipo en calquera empresa unha vez rematado o proxecto.

Non hai dúbida de que un Programa no que se combine formación e experiencia supón unha innovación pedagóxico-laboral, posto que mediante os novos enfoques xérase unha dinámica na que as clases da área teórica desenvólvense de xeito activo e participativo, con especial atención ó fomento de actitudes creativas e de autonomía persoal, deixando de lado a idea do alumno como un acumulador de contidos abstractos desconectados da realidade.



Como conclusión, pódese afirmar que tanto as Escolas Obradoiro como os Obradoiros de Emprego actúan como:

- Centros de formación e inserción: dado que debe existir unha estreita colaboración entre o mundo formativo e o empresarial. Fórmanse profesionais naquelas especialidades demandadas polo mercado facilitando a inserción laboral e a dinamización económica do concello.
- Dinamizadores da aprendizaxe e do cambio cultural cara o desenvolvemento local.
- Provedores de equipamentos públicos no ámbito local favorecendo o desenvolvemento do concello.
- Xeradores de identidade e imaxe territorial: desde o momento en que se fomenta a idea de pertenza a un concello, a cohesión social e se establece un vínculo de unión entre os participantes e a súa localidade.

2.3. A súa estrutura

Para coñecer o funcionamento do programa, tanto de escolas como de obradoiros, hai que sinalar que ambos teñen unha estrutura diferente que ven dada pola duración dos proxectos, e, como son proxectos que combinan formación e emprego, pola distribución no tempo do carácter formativo e da práctica profesional.


As escolas obradoiro estrutúranse en dúas etapas principais, unha de carácter formativo de iniciación, e outra, de formación en alternancia co traballo. A duración de ámbalas dúas non será inferior a un ano, nin superior a dous, e estarán divididas en fases de seis meses.

Durante a primeira etapa o alumnado traballador adquire os coñecementos teórico-prácticos da especialidade na que se vai formar, aprende a traballar con seguridade e a usar medidas preventivas para evitar riscos na profesión escollida, ó tempo que recibe formación e información para buscar un emprego ou crear o seu propio negocio unha vez concluído o proceso de aprendizaxe e cualificación do oficio. Así mesmo, para o alumnado traballador que non acadou os obxectivos de educación secundaria obrigatoria iníciase unha preparación especial co fin de incorporarse á vida activa ou proseguir os estudos.



Na segunda etapa os participantes subscriben un contrato para a formación coa entidade promotora para realizar un traballo de utilidade pública ou social e recibe por iso unha remuneración equivalente ó 75% do Salario Mínimo Interprofesional anual establecido. Ó mesmo tempo segue o proceso formativo iniciado na primeira etapa, pero cun contacto directo coa realidade do oficio no que se está formando a través do traballo na obra ou servizo do proxecto.

No caso dos obradoiros de emprego, existe unha única etapa, que ben pode desenvolverse ó longo dunha única fase de 6 meses, ou como máximo pode constar de dúas fases e durar un ano. Nestes proxectos, os participantes estarán contratados desde o comezo posto que a formación e a práctica van sempre ligados.



Tanto nas escolas como nos obradoiros para poder cubrir as necesidades que os proxectos comportan, ademais da formación e das prácticas profesionais, se proporcionan uns coñecementos complementarios que dan a dita formación un carácter global co fin último de favorecer a inserción laboral do alumnado traballador. Entre os diferentes contidos que se ofrecen teñen especial relevancia os seguintes:


- Información, formación e adestramento en técnicas de busca activa dun emprego por conta allea, así como asesoramento para a creación da propia empresa.
- Formación complementaria co fin de completar a formación base que se ofrece ó alumnado traballador en cada unha das especialidades.



- Formación para a prevención de riscos laborais e a utilización das medidas de seguridade no traballo. Ten unha grande importancia para o alumnado traballador, tanto durante a súa estada nos proxectos como noutros traballos posteriores.
- Formación en informática co obxectivo de sensibilizar e formar ó alumnado traballador nas novas tecnoloxías da información e comunicación.

2.4. Similitudes e diferencias e entre unha escola e un obradoiro

Como se ten visto ata o momento son varias as similitudes existentes entre as escolas e os obradoiros que se basean fundamentalmente en “Qué son”, “Qué ofrecen” e “Quén pode promovelos”. Sen embargo, trátase de programas que no seu funcionamento interno e no colectivo ó que se dirixen manteñen unhas características particulares que lles dan un carácter propio e determinan a súa diferenciación.





UNHA VISTA ATRÁS

3.1. O comezo do programa

O Programa de Escolas Obradoiro xurdiu nun período caracterizado pola existencia de altibaixos na economía que derivaron na escasa capacidade de transformar o crecemento económico en maior emprego. Neste senso, no ano 1985 non se vía con claridade a recuperación da actividade económica nin o éxito das medidas de flexibilización da contratación laboral. Paralelamente, e como consecuencia do desenvolvemento económico e urbanístico desfreado da época *desarrollista*, o patrimonio sufriu un abandono por parte da poboación, que desexaba introducirse de vez na modernidade urbana, non sendo consciente da riqueza histórica que a rodeaba e que podía perderse. Para resolver esta situación, puxéronse en marcha experiencias encamiñadas a fomentar o emprego xuvenil a través da formación en alternancia co traballo e a práctica profesional, en actividades relacionadas coa rehabilitación do patrimonio, do medio ambiente e do contorno urbano así como a recuperación de oficios artesanais.

Estas experiencias configuráronse nun Programa de Formación Ocupacional chamado *Escuelas Taller* e que tiña o seu respaldo económico-social no *Ministerio de Trabajo* a través das subvencións xa existentes que canalizaba o Instituto Nacional de Empleo cos seus programas de formación e inserción profesional. (Juara, 1993).

A primeira escola obradoiro iniciou a súa actividade en Aguilar de Campoo en 1985, con carácter experimental, baixo a dirección e control do *Instituto Nacional de Empleo*, e a partires da iniciativa do arquitecto José María Pérez



(Peridis) vencellado á *Asociación de Amigos del Monasterio de Santa María a Real*. Esta escola foi o punto de partida para a creación de numerosas empresas relacionadas coa conservación, restauración e promoción do patrimonio histórico da zona.

Nese mesmo ano, a *Fundación para la Ecología y la Protección del Medio Ambiente* (FEPMA) creou a chamada *Escuela Cero* co fin de



desenvolver, coordinar e seguir a posta en marcha dos diferentes proxectos existentes ó longo do territorio español. Esta fundación foi constituída en Madrid no ano en 1978, e desde entón ten dedicado considerables esforzos á atención de programas integrados de ecodesenvolvemento sobre determinadas comarcas, así como á coordinación e apoio de iniciativas e proxectos que perseguen este mesmo fin.

A raíz destas iniciativas e de ir consolidando ó longo dos anos unha normativa que regulase dito Programa, foi en 1988 cando finalmente se aprobou a primeira orde por parte do *Ministerio de Trabajo*. Sen embargo, a experiencia acadada durante os seguintes anos aconsellou levar a cabo unha serie de modificacións tendentes a definir o Programa como un instrumento da política laboral para combater o desemprego xuvenil, garantir a inserción dun maior volume de mozos desempregados mediante a optimización dos recursos, a integrar ó Programa nos procesos de xeración de emprego autonómico e a promocionar e consolidar as iniciativas empresarias xurdidas como consecuencia das súas actuacións. Deste xeito, aprobouse unha segunda orde o 3 de agosto de 1994 na que se establecía unha nova regulación e que é a base das posteriores modificacións introducidas.

Pero as modificacións producidas desde ese ano no mercado de traballo e a finalización do período transitorio para a introducción do euro o 31 de decembro de 2001, aconsellaron dotar ó programa dunha nova regulación a nivel estatal (Orde do 14 de novembro de 2001).

3.2. O caso galego

As primeiras experiencias de escolas obradoiro e casas de oficio en Galicia datan de 1987. Santiago e Mondoñedo foron os concellos pioneiros en desenvolver un proxecto deste tipo focalizando as súas actuacións na rehabilitación do patrimonio. Pouco a pouco os concellos fóronse animando, e en 1989 xa se rexistraban un total de 34 proxectos, sendo a provincia de Pontevedra a que contaba cun maior número deles acadando a cifra de 14.

En 1998, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da antiga Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, asumiu a xestión das políticas activas do emprego, ata entón xestionadas polo *Instituto Nacional de Empleo* (INEM). En consecuencia, desde ese momento o goberno autónomo é o encargado de convocar,





xestionar e controlar as subvencións e axudas públicas da política de emprego entre as a que está o Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio.

A partir da experiencia positiva do Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio con mozos desempregados con especiais dificultades de inserción laboral e integración social, pensouse que a súa metodoloxía e liñas de actuación poderían ser aplicables tamén para adultos con similares características. Neste senso, púxose en marcha o Programa de Obradoiros de Emprego a través do Decreto 171/1999 do 27 de maio.

Na actualidade na nosa comunidade entre escolas e obradoiros pódense contabilizar un total de 94 proxectos.

Esquema cronolóxico





OS PROXECTOS

4.1. Un proxecto coherente co territorio

Cando unha entidade promotora se propón elaborar un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego, o primeiro que debe facer é xustificar a súa posta en marcha, reflexionando acerca das circunstancias que condicionan o medio social, económico, cultural e natural, é dicir, analizar aqueles factores que poden influír nun desenvolvemento axeitado.


| Factores que inciden no desenvolvemento local | |
|---|---|
| Favorables | Desfavorables |
| Liderazgo dinamizador. Poder descentralizado e autonomía. Financiamento. Recursos técnicos. Relacións institucionais. Organización. Dinamización social. Características físicas do territorio. Infraestruturas. Servicios e equipamentos. Efecto demostrativo das accións. | Diferentes clasificacións territoriais e institucionais. Descoordinación entre actuacións. Falta de habilidade no consenso. Descoñecemento recíproco dos actores. Incomprensión dos actores. Dificultades de participación. Ausencia de plans estratéxicos. Indefinición do programa. Visión reducida do espazo e do tempo. |

Durante os últimos anos as entidades promotoras tenderon a abandonar a filosofía do Programa de Escolas Obradoiro, pois en xeral cando se propoñen realizar un proxecto o primeiro no que pensan é na obra que van executar en vez de partir da realidade laboral e social existente no seu contorno. Non hai que esquecer que o fin último tanto das escolas como dos obradoiros é lograr a inserción laboral do colectivo participante o que implica estudar a situación do mercado de traballo, as características sociodemográficas e profesionais da poboación, así como os recursos aproveitables.

Por outra banda, as entidades promotoras deben ter en conta que nos atopamos nunha sociedade en continua transformación que demanda unha man de obra cada vez máis cualificada e especializada, e que son moitas as persoas desempregadas que non cumpren estes requisitos.



A situación agrávase naquelas áreas rurais, cunha mala accesibilidade, cunha estrutura demográfica avellentada nas que a información sobre ofertas de traballo, asesoramento laboral, participación en cursos formativos e o acceso ás novas tecnoloxías da información e a comunicación están totalmente limitadas. Neste senso, o desenvolvemento dunha escola ou obradoiro permite que o alumnado traballador teña acceso á información sobre as distintas saídas profesionais existentes, coñeza as novas tecnoloxías, ademais de obter a formación e a experiencia profesional necesaria para un futuro traballo.



En consecuencia, se o que se pretende verdadeiramente é insertar no mercado laboral ó maior número posible de persoas con dificultades, debería partir do coñecemento da realidade socioeconómica do territorio, analizando dun xeito interrelacionado e sistemático todas as variables que nel inflúen, incidindo dun xeito especial na análise do mercado laboral existente, que é o que vai marcar en

gran medida o tipo de estratexias e accións a desenvolver. Así, son moitos os concellos que descoñecen as potencialidades que teñen como poden ser as masas forestais, artesanía tradicional da zona, ribeiras fluviais, recursos etnográficos, etc. que nun momento dado poden determinar a creación dunha escola ou obradoiro no que se combinen especialidades clásicas con outras innovadoras, ó tempo que se desenvolve unha obra ou servizo distinto ós que se levan a cabo tradicionalmente.

Para tal fin debería contarse coa axuda dos axentes implicados en materia de desenvolvemento e emprego como son os técnicos municipais, Técnicos Locais de Emprego, Axentes de Emprego, servizos públicos de colocación, orientadores laborais, así



como o empresariado local que sen dúbida son os que mellor coñecen as características do mercado laboral e o tipo de cualificación profesional demandado no territorio.

4.2. O proxecto dentro dun plan de emprego


Na actualidade, os concellos están a desenvolver unha serie de actuacións integrais que se reflicten na creación de plans de desenvolvemento local. Isto implica pasar dunha concepción baseada no urbanismo a unha maior preocupación por actuar sobre a actividade económica e social, de xeito que se maximice a utilización dos recursos endóxenos. A nova conxuntura determina un cambio metodolóxico e unha maior participación dos axentes que interveñen no territorio, implicándoos no deseño das diferentes actuacións, o que sen dúbida é clave para o éxito destes plans.

Cun plan de desenvolvemento local o que se pretende é crear, fortalecer e preservar ó longo do tempo actividades que xeren sinerxias sociais e económicas a través do deseño de múltiples estratexias interrelacionadas e consensuadas, dirixidas cara aqueles ámbitos que están tendo unha maior problemática, como é o caso do emprego. Non hai dúbida que as decisións que se toman nesta materia teñen máis eficacia se se implementan desde o ámbito local pois a esta escala tense un mellor coñecemento da realidade, dos problemas e necesidades do cidadán.

Calquera actuación de dinamización en materia de emprego precisa a articulación de medidas concretas encamiñadas a lograr unha inserción laboral efectiva, así como colaborar na posta en práctica das políticas activas de emprego promovidas desde a Xunta de Galicia. Necesítanse, polo tanto, uns instrumentos que aseguren a conveniencia, coherencia e eficacia das actuacións a realizar.

Dentro destes instrumentos atópanse, entre outros, os Programas de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego que oferta a Xunta de Galicia, xa que son idóneos para acadar moitos dos obxectivos definidos dentro dun plan de desenvolvemento local: fomento da actividade económica, creación de emprego, mellora dos niveis de formación dos cidadáns, etc.





A unha escala municipal estas políticas activas están sendo desenvolvidas de xeito coordinado a través dos Técnicos Locais de Empleo (TLEs) ou Axentes de Empleo, figura encargada de promover iniciativas empresariais e articular mecanismos para que a propia administración local actúe como impulsora da creación de emprego no seu contorno, de cara a conseguir un crecemento económico sostido.

4.3. O proxecto e a súa función social

O Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Empleo cumpre tres funcións que lle dan un carácter eminentemente social como son traballar cun colectivo que moitas veces ten dificultades para a súa integración dentro da sociedade, realizar unha obra ou servizo que beneficie ó conxunto da poboación e enmarcarse dentro dun ámbito social co que debe manter unha relación estreita.

Segundo a filosofía do Programa, un dos principais obxectivos a conseguir no só é a inserción laboral dos participantes, a través da obtención duns recursos económicos que lles permita, entre outras cousas, o acceso a bens culturais e sociais ós que antes dificilmente podían optar para mellorar a súa calidade de vida, senón tamén a súa integración social que lles permita potenciar a súa autoestima e valía como persoa, aumentar as súas relacións



sociais e ter un maior coñecemento dos servicios que existen no seu contorno así como os diferentes profesionais ós que poderá acudir para solicitar información ante calquera situación.

Segundo a normativa as accións que desenvolva o alumnado traballador da escola ou obradoiro en cuestión deben ter un carácter eminentemente público, e polo tanto, deberán dirixirse á poboación en xeral ou a un colectivo con especiais necesidades dentro do seu ámbito territorial. Neste senso, as entidades promotoras non deben esquecer que entre as actuacións das escolas e obradoiros non está tan só a realización dunha obra tanxible, senón que tamén poden ofrecer unha serie de servicios que benefician ó conxunto da poboación ou a determinados colectivos.

Unha escola ou obradoiro non debe actuar de costas á realidade, de aí que sexa imprescindible a conexión cos distintos axentes da sociedade a través de comunicacións, publicacións sobre a escola e o seu traballo, reunións con asociacións, así como celebracións de actividades diversas que van desde o deportivo á convivencia, pasando por accións puntuais como o cine, festas, charlas sobre temas sociais, etc. É dicir, deben fomentarse todas aquelas actividades que dean a coñecer os labores levados a cabo polo alumnado así como a súa integración na vida social do contorno no que se localiza a escola ou obradoiro.

A sociedade terá que comprender que estas escolas son un método de integración social e laboral que equipara profesionalmente a uns colectivos con problemas ó resto da sociedade e lles permite ter un traballo remunerado a través do que conseguen un benestar social maior.

4.4. A potenciación dunha formación integral

Por norma xeral, o colectivo participante nos proxectos de escolas ou obradoiros adoitan posuír unhas características persoais e sociais que dificultan tanto a súa integración na sociedade como a súa inserción no mercado de traballo. Esta realidade implica que desde as escolas e obradoiros debe potenciarse unha formación integral do alumnado traballador, de xeito que ó remate do proxecto os participantes sexan valorados positivamente tanto polo empresariado como pola sociedade. Para conseguilo, terase que fomentar a orientación das súas potencialidades e a mellora das súas aptitudes básicas, técnicas e



sociais, de xeito que logre optimizar as súas habilidades persoais, as súas condicións de empregabilidade e ter maiores facilidades á hora de desempeñar un oficio.

En liñas xerais, o carácter integral da formación que se potencia nas escolas ou obradoiros ven establecido por tres eixes vertebradores:



Á súa vez, cada eixo vertebrador terá tamén un carácter integrador que virá definido polos contidos teóricos e prácticos que outorgarán ó alumnado traballador un coñecemento xeral de cada un deles dentro do seu ámbito de actuación:

- Na *capacitación técnica dunha profesión* o carácter integral ven definido porque na área teórica os diferentes contidos adquiriranse a través das prácticas a pé de obra, formulando as unidades didácticas a partires da experiencia real dos traballos realizados, así como as nocións básicas do oficio a aprender. Estas desenvólvense dunha forma activa e participativa, potenciando as actitudes creativas e de autonomía persoal e deixando de lado a impartición de conceptos abstractos desconectados da realidade da escola. Ademais, con isto conséguense unha adaptación gradual do alumnado traballador a unha situación real de empresa, á economía de medios e tempos e á produtividade.



Esta formación de base deberá ser complementada por un conxunto de contidos adicionais, que servirán de nexos entre a especialidade e as necesidades reais do mercado laboral, así como pola existencia dun módulo de educación básica / formación compensatoria dirixido a aquel alumnado traballador que non posúe o Graduado Escolar ou o Graduado en Educación Secundaria.

- Na *potenciación das habilidades básicas* o seu carácter integrador ven determinado polo desenvolvemento das características persoais, sociais e profesionais do colectivo:
 - o No ámbito persoal, favorécese a súa autonomía tanto na adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos, como na súa disposición no desempeño e realización das diferentes tarefas da súa ocupación, así como o fortalecemento da súa autoestima como traballador.
 - o No social, foméntanse os hábitos de comportamento, as habilidades sociais e o desenvolvemento das actitudes cara o traballo en equipo.
 - o No profesional, porque se inculcan e esixen as actitudes como traballador imprescindibles en toda empresa, é dicir, foméntase a disciplina laboral.
- Por último, o carácter integrador do eixo de difusión da cultura de traballo vese reflectido na potenciación da inserción laboral do alumnado traballador tanto por conta propia como por conta allea. Para isto, durante o proxecto impártese un módulo de “xestión do emprego” no que se lles familiariza e adestra nas diferentes ferramentas de busca de emprego, ó mesmo tempo que se fortalece a súa motivación de cara á incorporación ó mercado laboral, se lles axuda a ser autosuficientes e a enfrontarse por si mesmos á realidade laboral.




O logro da formación integral é misión e tarefa de todos os axentes relacionados coas escolas ou obradoiros tanto no proceso de deseño dos proxectos como ó longo da súa implementación. En consecuencia, é necesario que desde a propia Sección de Escolas, equipo directivo e expertos ata o alumnado participante, exista un interese por unha aprendizaxe global, que leva implícito unha serie de condicionantes:

- Unha inversión por parte da administración como as entidades promotoras co fin de dotar ós proxectos de maiores medios materiais e humanos, adecuar espazos, adaptar os plans formativos en canto xurdan novas necesidades no mercado laboral, etc.
- Unha coordinación entre os diferentes expertos e equipos directivos á hora de elaborar ou modificar os plans formativos e calquera tipo de actividade que se poida pór en marcha ó longo do proxecto.
- Unha metodoloxía que non se base na liña tradicional de transmisión de contidos por parte dos expertos e da recepción dos mesmos por parte do alumnado, senón nunha educación estimuladora e participativa, composta por contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, na liña de aprender a aprender, aprender a facer e aprender a ser, tanto desde o punto de vista do desenvolvemento social como desde a participación na propia acción formativa.
- Unha motivación por parte do alumnado traballador cara a súa especialidade o que lles levará a traballar por convicción e non por imposición. Isto vai axudar a que o colectivo trate de buscar e atopar toda aquela información e formación que consideren necesarias para desenvolver o seu oficio, esixindo, deste xeito, unha formación integral e de calidade.

A través desta formación integral facilítase, polo tanto, a integración social así como a inserción laboral do colectivo beneficiario destes programas. Estes dous últimos conceptos posúen unha relación moi estreita, pois, por un lado, posibilita o contacto entre persoas favorecendo a aprendizaxe relacional e a instauración de pautas de conducta, e por outro, o seu crecemento profesional, mediante unha formación sólida e específica, enfocada na práctica laboral.





*A ELABORACIÓN
DO PROXECTO*

5.1. ¿Quen pode solicitar unha escola ou obradoiro?

En relación co disposto na normativa vixente especificase que poderán promover escolas obradoiro ou obradoiros de emprego aquelas entidades sen ánimo de lucro, que sexan competentes para a execución das correspondentes obras ou servicios e dispoñan da capacidade técnica e de xestión suficientes:

- Órganos, organismos autónomos e outros entes públicos da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Entidades locais e os seus organismos autónomos e as entidades con competencias en materia de promoción do emprego, dependentes ou asimiladas nas mesmas, que a titularidade corresponda integramente as entidades locais.
- Consorcios.
- Asociacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro.



A pesar de que a normativa permite a unha ampla batería de organismos promover unha escola ou obradoiro, a realidade é que na maioría dos casos son os concellos os que están a solicitar á Xunta de Galicia a aprobación dun proxecto destas características. A causa principal desta situación é o descoñecemento por parte das asociacións, fundacións, ONGs, etc., sobre a posibilidade de ser a entidade promotora dunha escola ou obradoiro. Este feito supón unha deficiencia bastante importante neste programa, posto que se podería acadar unha maior participación de colectivos, con problemas adicionais ó perfil común de rexeitamento escolar e inadaptación social, tamén sería factible a implementación de especialidades alternativas ás habitualmente solicitadas polos concellos.



Así mesmo, aínda que o máis usual é que unha única entidade solicite a posta en marcha dunha escola ou obradoiro, en moitos casos sería desexable a unión de dous ou máis, co fin de favorecer o bo desenvolvemento do proxecto. Esta colaboración conxunta vese necesaria, por exemplo, naqueles municipios pequenos e pouco poboados, nos que a perda progresiva de poboación dificulta a selección do alumnado participante e polo tanto a realización dun proxecto destas características.

5.2. Requisitos

Cando unha entidade promotora pretende solicitar unha escola ou obradoiro, é necesario que cumpra unha serie de requirimentos para a súa posta en marcha. Así, nun primeiro momento, hai que ter coñecemento das características sociolóxicas e da problemática que afecta ó colectivo dos desempregados do contorno de influencia do futuro proxecto, para poder pór á súa disposición as ferramentas necesarias que faciliten a súa inserción laboral como medida de integración social. Pola mesma razón, debe ter coñecemento da situación do mercado local de emprego, identificando cales son os profesionais máis demandados e poder deste xeito adecuar o plan formativo ás necesidades existentes no territorio e ós medios materiais e económicos cos que pode contar a entidade promotora. Podemos estruturar estes requisitos nos seguintes puntos:

- **Obra ou servizo de utilidade pública ou social:** debe existir un proxecto de obra ou servizo de utilidade pública ou social sobre o que actuar. É moi importante ter claro cal é a actuación que se pretende realizar, que esta se adecúe ó plan formativo para a aprendizaxe, así como constatar se existen as cesións correspondentes no caso de seren necesarias, ou ben as autorizacións administrativas que sexan esixibles atendendo á natureza xurídica e ó réxime de protección dos elementos sobre os que se pretende actuar. Ademais será preciso facer unha descrición detallada da obra ou servizo que se vai levar a cabo e prever o destino concretado para a súa utilización posterior.
- **Recursos humanos:** comprobar se existe o suficiente número de desempregados (maiores de 16 anos e menores de 25 para unha escola obradoiro ou maiores de 25 anos para un obradoiro de emprego), no territorio onde se pretende desenvolver o



proxecto, que pertencen a un colectivo con especiais dificultades e con necesidades de formación para acceder ó mercado laboral.

- **Recursos materiais:** determinar o lugar físico onde vai ter a súa sede administrativa a escola ou obradoiro, as aulas para a formación obrigatoria e complementaria e, no seu caso, os obradoiros onde realizar as prácticas das diferentes especialidades. Tamén será obrigatorio que tanto as aulas, as oficinas como os propios obradoiros cumpran coa normativa vixente en relación a seguridade e hixiene no traballo.
- **Posibilidades reais de inserción laboral:** o territorio no que se desenvolverá a escola ou obradoiro debe ofrecer posibilidades reais de emprego para os participantes do proxecto. Esta condición entronca directamente coa obriga de basear os módulos formativos nos resultados dun estudio socioeconómico, e non na necesidade de realizar unha obra ou servizo determinado, pois só así se formará ó alumnado traballador naquelas especialidades que realmente son viables para a demanda laboral existente no territorio ó que pertence. O ideal sería realizar unha enquisa co fin de constatar as necesidades das empresas así como analizar a vontade por parte delas cara contratar ó alumnado unha vez remate o proxecto.
- **Ter partida orzamentaria consignada:** a entidade promotora debe ter designada unha partida orzamentaria para sufragar os gastos derivados da execución da obra, así como todos aqueles custos que a subvención da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais non cubran.



5.3. *¿Que partes conforman un proxecto?*


Todo proxecto de escola ou obradoiro debe recoller información relativa a ámbitos diferenciados, como son:



5.3.1. *Socioeconómico*

A análise socioeconómica fórmase como o mecanismo que permite coñecer a realidade social e económica que caracteriza a un determinado territorio. A súa realización permite comprobar os puntos fortes dos que se pode sacar partido á hora de definir as estratexias a seguir, así como os puntos febles que deben superarse de cara a conseguir un desenvolvemento sostible e harmónico.

Este estudo debe partir sempre dun enfoque integral no que se analicen todas as variables ou elementos que poden incidir no ámbito de actuación dun xeito interrelacionado, posto que as transformacións que se poidan producir nun deles poden afectar ó conxunto do mesmo. Así por exemplo, un avellentamento na estrutura demográfica vai determinar novas demandas de servizos e equipamentos e mesmo cambios nas dinámicas do mercado laboral.



Co fin de coñecer exhaustivamente o contexto no que se desexa poñer en marcha un proxecto de escola ou obradoiro, débense considerar unha serie de variables que pasamos a describir:

- 1. Breve descrición do territorio** sobre o que se vai actuar, concretando se é de carácter rural ou urbano, a distribución dos seus asentamentos, a súa accesibilidade, os usos do solo que o caracterizan. O estudo desta variable é fundamental xa que non é o mesmo actuar nunha área rural, con pouca accesibilidade e onde non se dispón de infraestruturas axeitadas para conectarse ás novas tecnoloxías da información, que nunha cidade onde posúen maiores recursos e infraestruturas avanzadas e nos que os problemas de tipo social se deixan ver máis.



- 2. Análise da estrutura demográfica** por tramos de idade e sexo co fin de definir o tipo de programa máis conveniente e as especialidades a executar. Xa que, se por exemplo, unha entidade promotora ten previsto pór en marcha unha escola obradoiro e nese territorio non hai suficientes mozos menores de 25 anos o mellor sería propor á realización dun obradoiro de emprego.
- 3. O nivel académico** das persoas susceptibles de incorporarse ó proxecto como alumnado traballador. Polo xeral, as escolas ou obradoiros tenden a dirixirse a un colectivo con baixa formación, sen embargo, é necesario ter en conta esta variable de tal xeito que se no contorno no que se vai localizar a escola ou o obradoiro existe un número considerable de poboación en situación de desemprego que posúe un nivel académico superior ó graduado escolar, se propoña un proxecto no que, polo menos, algunha das especialidades se dirixan ó mesmo.
- 4. Situación laboral** da poboación, entendendo por tal, as taxas de actividade, ocupación e desemprego. En canto a estes dous últimos factores é importante estudialos en función do sexo, idade, nivel de estudos e sectores económicos, pois son claves para definir as actuacións a seguir.



5. *Demanda de man de obra* por parte das empresas do contorno, así como as *necesidades e deficiencias en servicios* que poidan existir, ben para que nun futuro a curto prazo o alumnado traballador se poida incorporar ós cadros de persoal desas empresas por acordos mantidos previamente coa escola ou obradoiro, ben para cubrir as necesidades xeradas a raíz dunha obra que determine a demanda dun servizo ata o momento esquecido.

5.3.2. Plan formativo

O plan formativo é unha das partes máis relevantes dun proxecto. A súa importancia ven establecida por:

- ser integral. Este carácter de formación integral ven definido, tanto pola introducción doutros contidos que complementan o programa formativo específico por especialidades, como pola súa aplicación práctica no desenvolvemento do proxecto de obra ou servizo, o que potenciará a inserción laboral.
- dotar ós desempregados que participen nos Programas de Escolas e Obradoiros dunhas competencias teórico-prácticas nunha profesión.

En definitiva, por:

“ determinar a capacitación e cualificación profesional do alumnado traballador dunha escola ou obradoiro ”

Tendo en conta o anterior, un plan formativo estará composto por un conxunto de coñecementos, destrezas e experiencias que se lle pretendan transmitir ós participantes ó longo do proxecto, entre eles: contidos teórico-prácticos sobre unha profesión, formación compensatoria, iniciación á informática, información e orientación profesional, formación empresarial, seguridade e hixiene no traballo, así como calquera outra actividade de índole similar.

5.3.2.1. Composición


Á hora de elaborar un plan formativo debería terse en conta, por unha banda, a formación específica necesaria para acadar os coñecementos mínimos da especialidade na que se van formar e traballar, e pola outra, unha serie de contidos que complementen a anterior formación e que lle dará carácter ó proxecto.



A formación específica

Os coñecementos teórico-prácticos que engloban a formación dunha especialidade deberán adecuarse ó establecido nos correspondentes certificados de profesionalidade. Naqueles casos nos que a especialidade non conte cun certificado, utilizarase como referencia no establecemento dos contidos mínimos da ocupación, os módulos formativos recollidos nos Plans de Formación e Inserción Profesional, (Plan F.I.P.).

¿Que compón un plan formativo?



Os contidos complementarios

Por contidos complementarios enténdense aqueles que servirán de nexo de unión entre a especialidade e as necesidades reais do contorno. Para facilitar esta conexión, en todo proxecto de escolas ou obradoiros deberían fixarse unha serie de materias de formación complementaria á propia especialidade co fin de dotar ó alumnado traballador duns coñecementos máis específicos e amplos do seu oficio, e outras comúns a todas as especialidades que proporcionen ferramentas de traballo útiles no desempeño do seu labor e imprescindibles no mundo actual.

Deste xeito, calquera plan formativo debería contemplar os seguintes contidos complementarios:

✓ Formación Complementaria Propia da Especialidade:

Engloba aquelas materias, non explícitas en ningunha lexislación vixente, consideradas como parte do programa xeral e “complementarias” á formación específica co obxecto de ampliar as súas competencias no desempeño da profesión, e que:

- Ou ben amplían algúns dos contidos de cada especialidade dunha escola ou obradoiro. Así por exemplo, no caso da especialidade de cantería poderíase ofertar unha formación comple-



mentaría específica de “cortador de pedra”, por tratarse dun especialista hoxe en día moi demandado polas empresas de cantería, que precisa duns coñecementos teórico-prácticos para o seu desempeño que non aparecen recollidos en ningún dos módulos do certificado de profesionalidade de cantería, ó igual que acontece noutros casos similares.

- Ou ben suplen as carencias do docente da especialidade para impartir algúns dos coñecementos teórico-prácticos do certificado, como por exemplo, e seguindo coa especialidade anteriormente citada, contemplar o coñecemento de “debuxo técnico” incluído no certificado de cantería, como formación complementaria.

Aínda que non aparece estipulado, habitualmente dedícase un número de horas concretas para impartir estas materias ó longo de todo o proxecto. No caso das escolas obradoiro varían segundo a fase do proxecto: na primeira fase (primeiros seis meses), por ser unha etapa eminentemente formativa, o número de horas destinadas á formación complementaria é maior, e a partir da seguinte fase, na que xa se establecen os contratos de traballo, algunha das materias complementarias propias da especialidade vanse substituíndo por outras actividades.

✓ Formación Complementaria Común:

Engloba todos aqueles módulos formativos dirixidos ó conxunto do alumnado traballador da escola ou obradoiro, independentemente da especialidade que cursen e que son necesarias para a mellora da empregabilidade.

- Educación Compensatoria:

Dado o fracaso ou abandono da escolaridade tradicional dun volume considerable de alumnos que se incorporan a este tipo de proxectos, a lexislación vixente, obriga a unha formación compensatoria ó longo de toda a duración dunha escola ou obradoiro.



A finalidade desta formación é facilitar ó colectivo participante, que non acadou os obxectivos mínimos da educación secundaria obrigatoria ou que non posúe o título de Graduado Escolar, a obtención dos mesmos mediante a impartición de clases de apoio. Esta actuación permítelles por un lado, pasar a outros ciclos educativos superiores, recuperando a posibilidade de seguir no sistema regrado, e por outro, optar a un posto de traballo en mellores condicións.

A pesar do estipulado na normativa actual e tendo en conta os participantes das escolas ou obradoiros, esta formación debería dirixirse ó conxunto total do alumnado xa que, ó traballarse a comprensión lectora, a escritura, as matemáticas básicas, etc., axudaralles na adquisición dos contidos dos programas formativos das especialidades.

- Xestión do emprego:

O módulo de xestión de emprego é un dos piares básicos para que o alumnado traballador aprenda e adquira os coñecementos e se adestre nas ferramentas e estratexias esenciais de acceso ó mercado laboral. O seu obxecto é capacitalo para a busca de emprego por conta allea ou para a creación do seu propio posto de traballo.

- Os contidos divídense en dúas partes diferenciadas que deberían ser eminentemente prácticas e reais. Por unha banda, a orientación para o acceso a un posto de traballo na empresa privada ou pública e, por outra, o propio contido de xestión empresarial onde se lles motivará de cara ó autoemprego e se lles dará a coñecer as dificultades, posibilidades e pasos a seguir no desenvolvemento da súa idea empresarial.

Ademais dos contidos básicos e considerando o colectivo ó que potencialmente van dirixidos o Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, sería aconsellable traballar, de xeito transversal e durante todo o módulo, as habilidades sociais e persoais así como a motivación de cara á incorporación ó mercado laboral.



- Iniciación informática:

Coa finalidade de dotar ó alumnado traballador duns coñecementos mínimos para permitir o seu acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación, establécese un módulo de informática, que terá polo menos 30 horas de duración tal e como se establece na normativa vixente.

- Prevención de riscos laborais:

O programa de prevención de riscos vai implícito na execución da obra. Sen embargo, non se debería descartar o seu tratamento específico a nivel de formación debido á importancia de traballar con seguridade dentro da propia escola ou obradoiro, e unha vez que o alumnado se incorpora a unha empresa onde se lle vai pedir que cumpra coas pertinentes medidas preventivas.

- Seminarios temáticos puntuais:

Non aparecen reflectidos na normativa de escolas ou obradoiros e, polo tanto, a súa impartición depende da boa disposición e sensibilidade do equipo directivo e de contar co orzamento necesario para a súa posta en marcha. As temáticas xeralmente refírense a temas próximos e decídense a partir de necesidades detectadas no alumnado traballador, tales como sexualidade, igualdade de oportunidades, prevención de drogas, etc.

5.3.2.2. *Temporalización*

Cada fase dun proxecto de escola ou obradoiro consta de 960 horas, distribuídas en coñecementos teóricos e prácticos. O número de horas que se deberán dedicar a cada un deles variará dependendo do tipo de proxecto.

Cando se trate dunha escola obradoiro, na programación formativa hai que ter en conta que será diferente o número de horas en función da fase na que se atope o proxecto. En consecuencia, e a modo de exemplo, poderíase facer o seguinte reparto:



| | Escola Obradoiro | DURACIÓN EN HORAS | |
|---|---------------------|-------------------|-----------|
| | | Teóricas | Prácticas |
| Fase formativa → | 1ª fase | 600 | 360 |
| Fase de alternancia formación-traballo → | Resto fases | 240 | 720 |

Tal e como se reflicte no cadro anterior, a primeira fase céntrase nos coñecementos teóricos da formación profesional da ocupación na que se está a iniciar o alumnado. A partir da segunda fase o número de horas teóricas redúcese, podendo supor o 25% do total.

No caso de que o proxecto sexa un obradoiro de emprego, o número de horas non varía segundo as fases, será o mesmo que o establecido para o período de alternancia das escolas. Neste caso a distribución das horas teóricas e prácticas podería ser a seguinte:

| | Obradoiro de Emprego | DURACIÓN EN HORAS | |
|---|-------------------------|-------------------|-----------|
| | | Teóricas | Prácticas |
| Fase de alternancia formación - traballo → | 1ª fase | 600 | 360 |

Así como o número de horas de “Iniciación Informática” ven estipulado na lexislación vixente (30 horas como mínimo), o tempo de duración do resto dos módulos complementarios non aparecen especificados en ningunha normativa. Para facilitar o labor de concreción da súa temporalización é aconsellable contar co asesoramento dos técnicos da Sección de Escolas Obradoiros das Delegacións Provinciais correspondentes.

5.3.3. *Obra e servicio*


Todo proxecto de escola e obradoiro debe incluír entre os seus obxectivos a realización dunha obra ou servicio de interese público e social, actuación que se debe plasmar no documento final dentro do apartado correspondente ó proxecto de obra ou servicio.



A importancia deste bloque non ven dado pola obra ou servizo en si mesmo senón tamén pola repercusión que vai ter á hora de deseñar e implementar o plan formativo, así como no funcionamento xeral do proxecto.

Por outra banda, compre ter moi claro que o carácter social destas intervencións vai repercutir no desenvolvemento do ámbito no que se executan posto que dan resposta a unha necesidade social que repercutirá no conxunto da poboación ou nun amplo sector da mesma


Unha entidade promotora neste apartado pode optar por diferentes accións:



5.3.3.1. A realización dunha obra

Cando se diseña unha escola ou obradoiro, a entidade promotora debe ter en conta cales poden ser as actuacións máis axeitadas para executar valorando os seus puntos fortes e febles, á luz da realidade social, laboral e económica do ámbito local.

Resulta imprescindible ter claro onde pór os límites ás actuacións dun proxecto de escola ou obradoiro, tratando de optimizar os recursos cos que se pode contar. Como medida de precaución, debemos considerar máis convenientes as intervencións que impliquen actuacións brandas e que poidan ser abarcables nun prazo razoable de tempo. Neste senso, cando as obras excedan das posibilidades, medios e



capacitación técnica da escola ou obradoiro, a entidade promotora terá que considerar a conveniencia de artellar aquelas colaboracións e tarefas complementarias con outros equipos e contratas que permitan a execución do conxunto das obras previstas. Ademais, deberá avaliar os recursos económicos cos que conta para acometer as intervencións, axeitando o máis estreitamente posible as partidas orzamentarias ó nivel de actuación que pretende realizar, evitando en todo momento un proxecto excesivamente ambicioso que vaia en contra da calidade do resultado último.



Obradoiro de Emprego O Rosal II.

Todo proxecto de escola ou obradoiro que inclúa especialidades e tarefas de construción ten que conter, entre os documentos que deben presentar ante a Xunta de Galicia, para a súa aprobación, o correspondente proxecto de obra, a nivel de “Proxecto Básico”, asinado por un técnico competente na realización de obras de construción. Este deberá ter, como documentación mínima, un plano de situación e un conxunto de planos, acotados e á escala axeitada, da distribución de plantas, seccións e alzados, que definan de xeito suficiente a morfoloxía da construción, unha memoria descritiva e xustificativa, unha estimación por capítulos do orzamento de execución material e as normas de obrigado cumprimento.

Ademais, hai que atender ás proteccións normativas ás que poden estar sometidas as actuacións, obter os permisos necesarios para todas as obras que o requiran, especialmente si estamos a falar de elementos declarados Ben de Interese Cultural (B.I.C.) e contar coas precisións que establezan as figuras do planeamento urbanístico municipal e cos condicionantes que impoña o marco xurídico e normativo xeral e sectorial.

As entidades promotoras deben ter en conta, antes de pór en marcha a escola ou obradoiro, que se ten que elaborar un “Proxecto de Execución” –que pode ir incluído ou non no documento a entregar á Xunta de Galicia–, que conterá documentos tales como os planos de



detalles constructivos, estruturas, instalacións, memoria de carpintería, etc., así como memorias estruturais e constructivas, e de cumprimento das Normas Básicas da Edificación, o Prego de Condicións e o Estudo de Seguridade e Saúde. O proxecto conterá tamén a documentación correspondente ás medicións desagregadas por partidas, cos seus orzamentos, concluíndo finalmente cun orzamento de execución material.

As actuacións destas características deberán contemplar a Lei 38/1999 de ordenación da edificación (LOE), na que se especifica en que consiste unha edificación, a necesidade de ter seguros de responsabilidade civil, os prazos de prescrición das accións e garantías por danos materiais ocasionados por vicios ou defectos da construción, así como as funcións e responsabilidades que lle competen ó promotor e constructor, figuras que deberán ser asumidas pola entidade promotora.

Seguindo a filosofía do Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, moitas das actuacións de obra poden centrarse na recuperación e posta en valor do patrimonio cultural e a realización de actuacións de conservación do medio ambiente

✓ Actuacións sobre o patrimonio cultural

Cando a obra ten unha incidencia sobre un elemento patrimonial é preciso contrastar a opinión de expertos e técnicos na materia, así como das entidades con competencia, antes e durante o proceso de elaboración do proxecto, a efectos de avaliar as iniciativas e poder descartalas en caso de que a súa execución poida resultar desaconsellable, introducindo no seu caso aquelas modificacións que permitan unha intervención respectuosa cos valores sobre os que pretendemos actuar.

A entidade promotora deberá establecer contacto coa Dirección Xeral de Patrimonio (Consellería de Cultura), co fin de coordinar ditas actuacións, establecendo unhas regras de funcionamento e uns límites claros, dentro dos cales as iniciativas que lle competen poidan manexarse cunha certa operatividade e garantías, evitando en todo momento o perigo de incorrer en erros que, dalgún xeito, poidan atentar contra o valor xenuíno duns elementos de patrimonio que se pretenden conservar ou rehabilitar.



Ademais, a Dirección Xeral de Patrimonio, como entidade galega responsable na materia, que conta cunha notable experiencia e con documentación abundante ó respecto, pode sernos de gran utilidade, ó dar a coñecer actuacións exemplares e experiencias negativas en materia de patrimonio dentro e fóra de Galicia, ó tempo que pode ofrecer un asesoramento especializado sobre as actuacións en patrimonio, ofrecendo recomendacións ó respecto das intervencións propostas pola entidade e identificando aqueles elementos que convén corrixir ou avaliar convenientemente.

Por suposto, e en todo caso, as actuacións rexeranse polo disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 8/1995, que engloba tanto o patrimonio moble, como o inmovible e inmaterial, e que ten como finalidade esencial a protección, conservación e difusión do patrimonio legado, creando tres diferentes categorías de bens: bens de interese cultural (B.I.C.), bens catalogados e bens inventariados.

En liñas xerais calquera intervención sobre o patrimonio deberá ter en conta os seguintes criterios:

- Respetaranse as características esenciais do inmovible.
- Manteranse as características volumétricas e espaciais.
- Evitaranse os intentos de reconstrucción.
- Non se poderán realizar adicións miméticas.
- A adición de materiais haberá de ser recoñecible.
- Impediranse accións agresivas sobre os paramentos.

Dado que boa parte das actuacións que se desenvolven por escolas e obradoiros refírense a valores de tipo etnográfico, debemos sinalar que no artigo 64 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia faise referencia a este tipo de patrimonio, integrado polos lugares e bens mobles e inmovibles, así como polas actividades e coñecementos que constitúen formas relevantes ou son expresión da cultura e modos de vida do pobo galego.



✓ As actuacións de carácter medioambiental

As intervencións en materia medioambiental son xa un elemento tradicional nos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, existindo un conxunto de actuacións que se achegan en maior ou menor medida a este ámbito. Así, por exemplo, existen escolas orientadas cara ós traballos ou á formación en medio ambiente, que actúan sobre ribeiras fluviais, a interpretación medioambiental, a recuperación de áreas degradadas, ou que están relacionadas con espazos verdes urbanos (parques, xardíns históricos, etc.), con recursos naturais (labores forestais, agricultura ecolóxica, etc.).

Á hora de actuar sobre os recursos naturais, a fisionomía do territorio e o medio ambiente, a entidade promotora deberá ter en conta en todo momento o carácter das intervencións que pretende levar a cabo e a sensibilidade dos elementos sobre os que vai intervir.

As accións que teñen que ver coa natureza están frecuentemente sometidas a diversos ámbitos e tipoloxías de protección, conformando un amplo e complexo conxunto de leis e normativas, referidas tanto a aspectos de protección medioambiental xeral como a nivel sectorial. Así, por exemplo, debemos ter en conta a lei de costas, a lei de augas, a lexislación referente á protección de espazos naturais, a normativa sobre impacto ambiental, sobre protección de especies ameazadas, as normas que establecen os planeamentos municipais ou as normas subsidiarias, as propias figuras de protección que presentan determinados espazos naturais, etc.

As súas actividades, ademais de estar acordes a dita normativa, deberán ser especialmente avaliadas nas actuacións en espazos naturais con réxime de protección, tales como parques nacionais, parques naturais, paisaxes protexidas ou outras figuras de protección. En función das características que presenten as actividades, terase que contar cos permisos que sexan pertinentes (permisos dos órganos de urbanismo e planeamento, permisos a solicitar ante os órganos rectores de espazos naturais, permisos da Consellería de Medio Ambiente, das confederacións hidrográficas, da Demarcación de Costas, etc.).



Ó mesmo que acontece nas obras relacionadas coa recuperación de recursos patrimoniais, nas relacionadas co medio ambiente faise necesario colaborar con especialistas, consultar a documentación que pode existir ó respecto (publicacións, inventarios de recursos, etc.), así como elaborar proxectos técnicos definidos das actuacións a realizar, redactados, asinados e dirixidos por especialistas. Todo isto permitirá ter un coñecemento moito mais amplo sobre os recursos e actuar con maior seguridade e garantías de éxito.

Ademais daqueles elementos que a normativa competencial poida establecer, á hora de acometer calquera actuación medioambiental a entidade promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- a) Hai que ter en conta as repercusións que as actuacións que se leven a cabo poidan ter sobre o medio ambiente. Deberase tratar de evitar actuacións duras, promovendo sempre un tipo de intervención o máis branda posible. En consecuencia, previo ó inicio da obra faise preciso elaborar un estudo de impacto ambiental.
- b) As accións deben deixar sempre un balance positivo, é dicir, as alteracións que se producen nunca deben ser de máis envergadura que os efectos de conservación e mellora ambiental que se xeran coas actuacións propostas. Así, para conservar, protexer e pór en valor un determinado espacio, elemento ou recurso, non pode estar xustificada a destrución doutros valores. En definitiva, débese estimar como actuación negativa aquela que no seu proceso de realización comete danos dificilmente reparables ou contamina o medio.
- c) Nas intervencións que se realicen teranse en conta os elementos paisaxísticos, xa que a conservación das características fisionómicas do territorio, coa preservación dos elementos de identidade e calidade de vida que lle son propios, son un elemento importante na preservación do benestar social.
- d) Resulta fundamental, para o éxito das actuacións a realizar e o mantemento dos logros acadados, o deseño e posta en marcha de estratexias e actuacións de sensibilización medioambiental, tanto do persoal que realiza as obras ou traballos, como da comunidade que resulta beneficiaria destas accións, para que as respecten e as protexan.



5.3.3.2. A prestación dun servizo

Cada vez son máis as entidades promotoras que avogan por promover proxectos de escola ou obradoiros nos que a acción se centra nun servizo. Trátase frecuentemente de proxectos que desenvolven determinados perfís profesionais destinados a dar resposta ás demandas xeradas polos cambios producidos na nosa sociedade e que deu lugar ó nacemento de novos xacementos de emprego. Así, por exemplo, poderíanse levar a cabo especialidades relacionadas co turismo e a hostalería, as novas tecnoloxías da información, deseño gráfico, etc.



Aínda que este tipo de escolas e obradoiros non precisan un proxecto de obra, requiren, ó igual que todos os demais proxectos, un programa de actividades convenientemente dimensionado, adaptado o máis perfectamente posible ó perfil formativo das especialidades, no que se recollan con claridade os resultados que se deben obter e, no seu caso, os produtos resultantes de dita intervención e o uso que se lle vai dar ós mesmos. Así mesmo, deberase recoller o orzamento necesario para desenvolver a actividade.

Neste senso compre ter presente que o servizo prestado deber ter un carácter social evitando en todo momento desenvolver unha actividade que poda facer competencia desleal a outras empresas. Así, por exemplo, cando a acción deriva nun produto hai dúas opcións: pódese doar ou ben vender unha pequena parte para reinvestir as ganancias no propio proxecto.

En xeral, a meirande parte deste tipo de proxectos non se dirixen á poboación en xeral, senón que se centran nun colectivo ou sector específico cunhas necesidades concretas ás que hai que dar resposta.


5.3.3.3. Intervencións de carácter mixto

Trátase de escolas e obradoiros nas que ademais de existir un proxecto de intervención territorial ou constructiva, poden desenvolverse unha ou máis especialidades de oficios non constructivos ou de prestación de servizos. Como nos casos anteriores o proxecto deberá recoller a planificación das actividades a desenvolver.



5.3.4. Orzamento

Contar cun orzamento de partida é un requisito fundamental á hora de propoñerse levar a cabo un proxecto de escola ou obradoiro. Neste sentido hai que considerar que estes Programas se dividen en dous grandes grupos: un referido ó proxecto de obra ou servizo e outro ó funcionamento da propia escola ou obradoiro.



No primeiro caso o financiamento procede exclusivamente da entidade promotora, é dicir, todos aquelas partidas relacionadas coa execución da obra ou servizo, materiais, maquinaria e medios auxiliares. Polo tanto, no momento no que unha entidade programa a execución dun proxecto, debe analizar se ten a suficiente capacidade monetaria para facer fronte a estes gastos.

No que se refire ó funcionamento da propia escola ou obradoiro, a totalidade do financiamento realízao a Xunta de Galicia e debe ser plasmado no anexo da orde correspondente.

Este financiamento ven dado pola natureza do gasto ou custo, a través dunhas partidas:


- ✓ Custo de formación ocupacional, educación básica e bolsas:
 - Custos salariais da dirección, docentes, titor e persoal de apoio (administrativos), incluídas as cotas que a entidade promotora ten que pagar á Seguridade Social.



- Custos derivados dos medios materiais e didácticos e de consumo para a formación, amortización de instalacións e equipos, viaxes para formación do alumnado traballador, materiais de oficina, alugamento de instalacións, maquinaria e equipos, gastos xerais, seguro de accidentes dos alumnos, a póliza de responsabilidade civil e outros gastos de funcionamento que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo.
 - Custos correspondentes ás bolsas do alumnado traballador das escolas obradoiro correspondentes á primeira fase do proxecto. Este apartado non se ten en conta nos obradoiros de emprego posto que este colectivo é contratado desde o primeiro día do proxecto.
- ✓ Custos salariais do alumnado traballador da escola obradoiro que será o 75% do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) anualmente establecido, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias e as cotas que a entidade promotora ten que pagar á Seguridade Social. No caso dun obradoiro de emprego o salario do alumnado traballador ascende ó 150% do SMI.

Non serán susceptibles de financiarse con cargo á subvención as seguintes partidas:

- As indemnizacións por morte e as correspondentes a traslados, suspensión, despedimentos, cesamentos ou finalizacións de contratos.
- Os gastos de investimento tales como adquisición de inmobles, instalacións, maquinarias e equipos.
- Os alugamentos de edificios, locais, naves, aulas ou o seu acondicionamento, sempre que non sexa resultado da práctica profesional do alumnado traballador.
- Os gastos financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos.



O cálculo que a Xunta de Galicia establece para a subvención efectúase por hora/alumno de formación e por módulos e fases. Estas cantidades e as súas actualizacións están estipuladas na correspondente normativa.

Así por exemplo se unha entidade promove una escola obradoiro de ano e medio de duración con 3 especialidades de 15 alumnos cada unha, que comeza a súa andadura en decembro de 2003, recibirá unha subvención total de:

1ª FASE: Inicio decembro 2003

Módulo A: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 2,58 \text{ € (*)} = 111.456 \text{ €}$

Módulo B: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 1,44 \text{ € (*)} = 62.208 \text{ €}$

2ª FASE: Inicio xuño 2004

As cantidades hora/alumno serán incrementadas nun 3% anual.

Módulo A: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 2,66 \text{ € (*)} = 114.912 \text{ €}$

Módulo B: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 0,74 \text{ € (*)} = 31.968 \text{ €}$

3ª FASE: Inicio decembro 2004

Módulo A: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 2,66 \text{ € (*)} = 114.912 \text{ €}$

Módulo B: $45 \text{ alumnos} \times 960 \text{ horas de proxecto} \times 0,74 \text{ € (*)} = 31.968 \text{ €}$

Polo tanto a entidade promotora recibirá:

Módulo A: 341.280 €

Módulo B: 126.144 €

Total: 467.424

Ademais, recibirá a cantidade correspondente ás bolsas dos alumnos durante a 1ª fase e as cantidades referentes ós contratos da segunda etapa.

(*) Os valores aquí indicados están establecidos pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, publícanse na orde correspondente e están suxeitos a posibles variacións.



Polo que respecta ós módulos establecidos o reparto entre eles é o seguinte:

| | |
|----------|---|
| MÓDULO A | Custos salariais do director, docentes, titor e persoal de apoio, incluídas as cotas que a entidade promotora ten que pagar á Seguridade Social. |
| MÓDULO B | Medios materiais e didácticos e de consumo para a formación, amortización de instalacións e equipos, viaxes para formación do alumnado traballador, materiais de oficina, alugamento de instalacións, maquinaria e equipos, gastos xerais, seguro de accidentes dos alumnos, a póliza de responsabilidade civil e outros gastos de funcionamento que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto formativo. |

Os custos referidos ás bolsas dos alumnos e ós seus contratos quedarían fora destes módulos, mais están subvencionados por dita Consellería.

En ningún caso se poderá transvasar partidas dun módulo a outro, nin aplicar un tipo de gasto a outra partida que non lle corresponda.

Como conclusión, pódese dicir que o éxito de todo proxecto dependerá en certa medida do seu puntual cumprimento e da súa eficiente execución. Do que se trata é de obter nos prazos sinalados o máximo resultado dos ingresos e gastos previstos. Dita labor debe realizarse cun espírito empresarial real, como si dunha xestión de empresa se tratara.

5.4. Tramitación

5.4.1. ¿Como se presentan?

As entidades que desexen promover un proxecto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego e obter as axudas e subvencións establecidas, deberán formalizar a correspondente solicitude por duplicado exemplar, nos modelos que se establecen na Orde correspondente, ante a Delegación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais correspondente.



Xunto á solicitude hai que presentar unha serie de documentación que debe estar estruturada da seguinte maneira segundo o establecido nos anexos da Orde correspondente:

- Estudio socioeconómico.
- Informe sobre as previsións de inserción laboral do alumnado traballador ó remate da súa participación no proxecto.
- Descrición detallada da obra ou servicio.
- Plan formativo.
- Orzamento e financiamento
- Documentación administrativa (certificacións) á que fai referencia a Orde que establece as bases reguladoras da concesión de axudas.

No suposto de que a documentación antes descrita non cumpra os requisitos esixidos ou conteña erros ou estea incompleta, a delegación correspondente, requirirá os documentos preceptivos para que se presenten nun prazo de 10 días hábiles ante dita administración.

5.4.2. ¿Quen os aproba?

Os expedientes, unha vez completados, remitiranse xunto cun informe emitido polos técnicos da delegación provincial, á Comisión Central de Valoración para o seu estudo e proposta de resolución.

5.4.3. ¿Que criterios seguen para facer a valoración?

Na valoración dos proxectos terase en consideración os seguintes criterios:

- Número de desempregados existentes no ámbito territorial no que se vai desenvolver o proxecto, fixándose no colectivo de beneficiarios.



- Perspectivas de emprego dos participantes, é dicir, as posibilidades de inserción laboral que terán.
- Adaptabilidade do proxecto para a participación de colectivos sinalados como preferentes polo servizo Público de Emprego de Galicia.
- Carácter innovador do proxecto. Valorarase positivamente que incorporen especialidades relativas ós novos filóns de emprego.
- Calidade do proxecto atendendo ás actuacións que se van emprender e a súa adecuación para a adquisición de experiencia profesional.
- Calidade do plan formativo e a súa adecuación entre as especialidades e as ocupacións máis ofertadas no mercado de traballo.
- Esfuerzo investidor das entidades promotoras do proxecto, analizado a través das achegas que poidan facer.
- Se a entidade promotora xa foi beneficiaria doutros programas destas características, valoraranse os resultados en canto á inserción dos participantes no mercado laboral, a formación e experiencia adquirida e impacto sobre o desenvolvemento local do territorio.

5.4.4. ¿Que prazo ten a Consellería para aprobar os proxectos?

Unha vez remitida a solicitude ó órgano competente, a través da entrada no rexistro, haberá 9 meses para que a Delegación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais dicte a resolución outorgando ou denegando a concesión da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se notificase resolución expresa, a entidade solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.




5.4.5. *¿Cando se recibe a subvención?*

O pagamento recibirase por períodos semestrais despois de facer as solicitudes nos modelos establecidos e segundo os criterios seguintes:

1ª fase: anticipo da axuda correspondente a este período, logo da xustificación do comezo do proxecto.

2ª e sucesivas fases: recibirase a axuda anticipada, unha vez xustificadas os gastos da anterior fase, descontando, se é o caso, a parte da axuda que non se gastara na fase anterior, sen que en ningún caso supere o límite do 80% do importe dos libramentos non xustificadas pola entidade promotora. O 20% restante o aboarán unha vez rematado o proxecto e xustificadas tódolos gastos.





*REFLEXIÓNS CARA A
MELLORA DOS PROXECTOS*

6.1. O papel da entidade promotora

As entidades promotoras xogan un papel clave no éxito ou fracaso dun proxecto de escola ou obradoiro desde dous puntos de vista diferenciados:

- Por unha banda, o feito de que a entidade á hora de deseñar o proxecto se preocupe por analizar a realidade do espazo sobre o que se vai desenvolver, analice as posibilidades de inserción e xere unha obra ou servizo que responda ás necesidades da sociedade, vai determinar en grande medida que o colectivo participante se inserte tanto social como laboralmente e que a poboación e os actores que interveñen no territorio teñan unha percepción positiva deste tipo de programas.
- E por outra, a relación entre a escola ou obradoiro e a entidade promotora vai influír no funcionamento interno de cada proxecto. Se ben nun principio esta idea pode xerar algún tipo de contradicción posto que as escolas deben posuír certo carácter autónomo á hora de desenvolver as súas actuacións, tamén é certo que precisan das entidades promotoras no sentido de que son estas as que lles deben proporcionar as ferramentas necesarias para poder levar a cabo os traballos realizados nas diferentes especialidades, e o apoio de cara a obter os obxectivos marcados, referentes tanto á realización da obra ou prestación do servizo como á inserción laboral. Esta colaboración debe partir sempre dunha actitude participativa e flexible, e nunca querendo impoñer unha postura propia sen ter en conta a opinión do persoal da escola ou obradoiro. Sen embargo, é evidente que a entidade pode facer fincapé no cumprimento do proxecto previsto, exercendo unha certa vixilancia sobre as posibles obras suplementarias e nalgúns casos substitutorias das contidas no documento aprobado.

O longo das experiencias de escolas e obradoiros desenvolvidas en Galicia, tense observado que a meirande parte das entidades promotoras son concellos que:

- Apostan por desenvolver no seu territorio escolas e obradoiros que reiteradamente levan a cabo as mesmas especialidades, de xeito que o mercado laboral xa non absorbe a oferta existente.



- A case totalidade dos proxectos teñen como acción principal a realización dunha obra e non a prestación dun servizo, esquecendo deste xeito os novos xacemento de emprego, as demandas do mercado laboral dese territorio, ó tempo que se desaproveitan os recursos endóxenos.
- Non sempre a entidade se preocupa por realizar un seguimento da inserción laboral do colectivo participante, mesmo cando a maioría dos concellos posúen un Técnico Local de Emprego que pode facer este labor.
- En ocasións os cambios de goberno municipal poden alterar o proxecto inicial posto que os novos representantes non se senten comprometidos co mesmo, deixándoo morrer por “inaniación”. Estes problemas non terían lugar se o proxecto estivese incluído dentro dun Plan Local de Emprego e Desenvolvemento, como parte integrada nas políticas e proxectos municipais.

Fronte a esta situación atopamos os exemplos doutras Comunidades Autónomas nas que prevalece como promotoras outro tipo de entidades como poden ser asociacións, consorcios, padroados, deputacións, sindicatos, cámaras de comercio, etc. Esta realidade trae consigo que as especialidades propostas sexan máis variada e se dirixían cara unha gama máis ampla de colectivos.

Independentemente de cal sexa a entidade que promova unha escola ou obradoiro, esta debería seguir unhas pautas de actuación que favoreza non só a boa marcha do proxecto senón tamén a consecución dos obxectivos marcados. Entre elas pódense sinalar as seguintes:



- Para a redacción e deseño do proxecto deberase contar co apoio e asesoramento dos axentes que participan na dinamización do contorno, xa que son os que mellor coñecen as demandas existentes nel. O obxectivo é plasmar as posibilidades de desenvolvemento do territorio e poboación, detectar os problemas e necesidades e propiciar os oficios cunha maior proxección e demanda no ámbito de actuación nun futuro a curto e medio prazo.
- Terase que amosar un compromiso á hora de pór en marcha unha escola ou obradoiro mediante o acondicionamento dos locais e instalacións adecuadas, resolvendo todo tipo de atrancos que poidan xurdir nesta primeira fase de funcionamento.
- É preciso prestar axuda á formación do alumnado, respectando a autonomía do proxecto e asumindo os custos dos materiais de obra e maquinaria necesaria para cubrir os módulos formativos e executar a obra ou servizo previsto. Nestas fases comprender unha relación fluída coa escola ou obradoiro e mesmo establecer unha persoa intermediaria á que o equipo directivo do proxecto se poida dirixir en caso de ter algún problema ou dúbida.
- No desenvolvemento do proxecto non debe recaer todo o labor de prospección do mercado laboral e contacto con empresariado en mans do equipo directivo e docente, senón que a entidade debe moverse para establecer convenios con empresas que favorezan a inserción do alumnado traballador.
- Debe partirse do compromiso de establecer mecanismos de apoio e seguimento á inserción do alumnado unha vez remate o proxecto. Para esta tarefa sempre se pode contar coa figura dos Técnicos Locais de Emprego ou Orientadores Laborais que poden orientar ó alumnado cara a busca de emprego por conta propia ou allea.
- Por último, semella que para un catálogo de boas prácticas neste eido, as entidades deberían encargarse tamén do mantemento e as posibilidades de uso por parte da comunidade, da obra ou servizo realizado, asegurando a súa pervivencia no uso




público e na súa función social, facendo constar dalgún xeito a autoría dos traballos de execución desda construción, publicitando cara o futuro a actuación da escola ou obradoiro.

6.2. Unha aposta pola innovación

Nos últimos anos obsérvase que son cada vez máis as entidades promotoras que queren pór en marcha un proxecto de escola ou obradoiro, mais o contrapunto é que se rexistra unha tendencia a desenvolver sempre unha obra de construción que determina a reiterada formación do colectivo participante nunhas especialidades de carácter tradicional. Esta situación ven dada pola baixa vinculación da entidade coa problemática social e as necesidades do mercado laboral. Non hai dúbida que levar a cabo unha obra tanxible é a opción máis doada e que posúe a priori un maior recoñecemento por parte da poboación local; mais, hai que ten en conta que en todos os territorios existen recursos sen explotar e demandas insatisfeitas que poden ser de utilidade para desenvolver proxectos novidosos.

Cando se fala de potenciar proxectos diferentes ós tradicionais non se está a suxerir un cambio baseado en algo abstracto, nin se pretende levalo a cabo por medio do azar, senón que a innovación debe responder a unha análise da realidade concreta, o que si ben require un notable esforzo, ás veces non doado de soportar, ó final pode xerar uns resultados tan ou mesmo máis importantes que os acadados por outro tipo de accións xa implantadas no territorio.

A innovación no Programa de Escolas e Obradoiros pode partir desde diferentes puntos de vista:



- A entidade promotora e o ámbito territorial no que se actúa:

Polo xeral as entidades que promoven un maior volume de escolas ou obradoiros son os concellos, quizais porque estes teñen unha maior información sobre o contido destes proxectos e dispoñen da partida orzamentaria necesaria para financiar a execución da obra. Neste senso, sería necesario sensibilizar ás asociacións, organismos e/ou outras entidades a participar como promotoras de proxectos, así como potenciar elementos de colaboración entre dúas ou máis entidades tanto na promoción, posta en marcha e acompañamento dun proxecto, como na súa implicación no proceso de inserción laboral dos participantes do mesmo.

Polo que respecta ó ámbito territorial a innovación podería vir dada por actuar en espazos de maior dimensión á do municipio, facilitando deste xeito que aquelas zonas xeográficas con escaso continxente poboacional para participar neste tipo de programas resolvesen este problema a partir da súa unión con áreas limítrofes.

- Carácter da obra ou servicio.

Actualmente, obsérvase que as entidades promotoras tenden a facer obras de construción ás que se adapta as especialidades e, polo tanto, o plan formativo. Sen embargo, tal e como se ven indicando ó longo desta guía, a idea da que debe partir unha entidade promotora á hora de reflexionar sobre a obra ou servicio a desenvolver é a de ter en conta os recursos e necesidades existentes no seu contorno.

Esta conxuntura determina que se esqueza un pouco a idea de promover servicios de carácter social, quizais porque poden supor un maior esforzo para a súa posta en marcha, ou porque non son tan vistosos para o conxunto da sociedade como pode ser a creación, por exemplo, dun área recreativa ou a rehabilitación duns muíños. Neste senso, se temos en conta que nos atopamos nunha sociedade na que cada vez máis se demandan servicios de atención social, ou relacionados coas novas tecnoloxías, turismo, etc., o lóxico é que o alumnao traballador se forme e adquira unha cualificación profesional axeitada en combinación con prácticas de campo que lle permita a inserción nestes novos xacementos de emprego, que sen dúbida serán as actividades máis demandadas no mercado laboral a medio prazo.



- As especialidades:

Moi ligado á obra ou servizo se atopan as especialidades, polo que se o que predominan son as obras de construción, as especialidades ofertadas van estar ligadas a este tipo de actividade, non tendo en conta ó colectivo que se está a formar no proxecto e as demandas laborais reais existentes no ámbito de actuación.

Sen embargo, hoxe en día estamos asistindo a un proceso de desenvolvemento que favorece o crecemento doutras actividades tanto no entorno urbano como no rural. Son os xa mencionados novos xacementos de emprego. Estes poden ser unha saída para a inserción laboral xa sexa por conta propia ou allea, e así desde todos os ámbitos buscar solucións ó desemprego, incidindo especialmente no marco local como destinatario final e real do conxunto dos recursos despregados para a creación de emprego e actividade.

Toda especialidade precisa dun plan formativo e neste ámbito tamén é necesario introducir unha serie de cambios. Neste senso, a innovación debería partir da adecuación dos módulos recollidos no plan formativo ás particularidades da ocupacións máis ofertadas nun determinado ámbito territorial. Neste aspecto quizais conviría facer unha reflexión no senso de que si ben os plans formativos xeralmente adoecen dunha certa rixidez baseada nos certificados de profesionalidade, pretendendo unha ensinanza máis ou menos xeralista nos oficios, podería pensarse nas materias complementarias como instrumento flexible que permitira o achegamento á especialización que pode demandar o mercado laboral e o empresariado local nun determinado intre.

En consecuencia, sería vantaxoso a colaboración entre a entidade promotora e expertos á hora de redactar o plan formativo posto que deste xeito a interrelación entre o traballo a realizar e a súa planificación sería máis efectiva.

- Os colectivos:

En Galicia a meirande parte dos participantes neste tipo de programas son persoas con baixa cualificación, de xeito que aquel colectivo que posúe unha formación igual ou superior a un FPI queda excluída de poder adquirir unha formación e experiencia nunha escola ou obradoiro. Se se ten en conta que estes programas teñen como fin último a



inserción laboral daqueles colectivos con dificultades para atopar traballo, a realidade galega amosa que unha gran porcentaxe de universitarios non exercen a súa profesión pola falta de experiencia e adecuación dos contidos aprendidos á realidade laboral.

Así mesmo, hai que ter en conta que se se avoga por promover especialidades innovadoras en moitos casos vaise requirir traballar cun colectivo que posúa unha formación de base que ata o momento non era precisa.

Por outra banda, aínda hai certos sectores da sociedade con risco de exclusión social que non teñen cabida nestes proxectos como é o caso dos inmigrantes e emigrantes retornados, xitanos, mulleres maltratadas, etc. Sería novidoso promover proxectos nos que as especialidades permitiran darlles una formación, cualificación, adaptabilidade e disciplina de traballo para a súa futura incorporación laboral e melloira da calidade de vida.

- A idea empresarial:

A innovación neste eixo ven dada porque desde o momento do deseño do proxecto tense clara a finalidade da posta en marcha do mesmo: formar a persoas que van constituír, ó remate da escola ou obradoiro, un negocio. Neste vaise continuar co labor efectuado ó longo do proxecto no que se refire ó produto, xeito de traballar, etc., pero sen contar co apoio e protección titorizada do equipo que conforma a escola ou obradoiro. En consecuencia, tanto a obra ou servizo a desenvolver como as especialidades, plan formativo e colectivo participante, estarán en función desa idea empresarial.


6.3. Unha ollada cara outras experiencias

Á hora de deseñar un proxecto concreto de escola obradoiro ou obradoiro de emprego, as entidades promotoras e os equipos que as deseñan ou dirixen deben estar sempre abertos ó coñecemento doutras experiencias desenvolvidas ou en curso, pois poden identificarse problemas dos que cómpre aprender para evitalos e recoller aquelas ideas ou aspectos máis interesantes que poden ser incorporados ás súas iniciativas.



Promover entre entidades promotoras e proxectos unha dinámica de intercambio de experiencias é sen dubida un elemento que reforzaría os resultados e a eficacia destes programas de emprego, en termos de adecuación ó contexto no que teñen lugar e de éxito na formación e posterior inserción laboral dos desempregados que deles forman parte.

Neste contexto, as administracións xestoras dos programas e cofinanciadoras dos mesmos (Ministerio de Trabajo, organismos competentes das comunidades autónomas, Fondo Social Europeo) deberían promover a colaboración entre entidades e proxectos a través do desenvolvemento de actividades de información e difusión dos fins e labores destes programas de emprego, a organización de xornadas de encontro e de formación do persoal formador e directivo, a coordinación de administracións e entidades locais, etc.





*AS UNIDADES DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVIMENTO*

7.1. A súa orixe

A orixe das Unidade de Promoción e Desenvolvemento está estreitamente relacionado co papel desenvolvido pola *Fundación para la Ecología y la Protección del Medio Ambiente* (FEPMA), entidade constituída en 1978, con sede en Madrid, e que ten dedicado considerables esforzos desde a súa creación á atención de programas integridos de ecodesenvolvemento sobre determinadas comarcas, así como á coordinación e apoio de iniciativas e proxectos que perseguen este mesmo fin.

En 1985 a FEPMA convértese na entidade promotora do Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio a través da *Escola Cero*, creada para colaborar no desenvolvemento, coordinación e seguimento deste programa.

Ó longo dos anos o Programa detectou unha carencia de análises pormenorizadas dos recursos das áreas xeográficas nas que actuaban as escolas obradoiro e casas de oficios, o que en moitos casos imposibilitaba a formulación de posibles estratexias de desenvolvemento local. Así, en 1988, creáronse con este fin os Módulos de Promoción e Desenvolvemento (MPD), a xeito de experiencia piloto, tratando de demostrar que é posible levar a cabo políticas de desenvolvemento comarcal e formular estratexias propias relacionadas cos recursos locais.

Entre os obxectivos xerais que se marcaban os módulos estaban, por unha banda, as accións de promoción dos recursos locais e o desenvolvemento dos territorios nos que se implantan e, por outra banda, o apoio ás necesidades do programa de escolas obradoiros e outras iniciativas similares existentes nestas áreas.

O afondamento no coñecemento dos recursos das áreas nas que os MPD interviñan establecíase mediante a elaboración de inventarios destinados a facilitar a selección de actuacións a curto e medio prazo, capaces de pór en valor estes recursos locais dentro dun modelo de desenvolvemento territorial sostido. Neste senso, tamén se establecía a intervención dos módulos en programas de conservación e protección do patrimonio cultural e natural e na planificación do territorio, así como na mellora das infraestruturas e da calidade de vida dos habitantes das áreas nas que actuaban.



En materia de emprego e promoción dos programas públicos de emprego-formación, os módulos destinábanse á prospección constante das expectativas existentes nas áreas de actuación e á organización de mecanismos de seguimento da inserción que se puideran promover, colaborando e asesorando ó alumnado traballador saídos das escolas obradoiro nas súas diversas iniciativas. Nesta mesma liña, trataban de promover a creación das estruturas necesarias para a organización de cursos de formación de formadores e especialistas, así como encontros de responsables e alumnos de escolas obradoiro e doutros programas semellantes.

En setembro de 1991 xa estaban constituídos no Estado español 27 Módulos de Promoción e Desenvolvemento, implantados sobre diferentes comarcas con características socioeconómicas e territoriais dispares. En Galicia a primeiro MPD data do ano 1990 e foi o que se executou na comarca do Baixo Miño.

En vista dos resultados obtidos durante estes anos e co obxectivo de optimizar a experiencia acumulada no ano 1994 o *Ministerio de Trabajo* decide regular nunha orde os Programas de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio, as Unidades de Promoción e Desenvolvemento e os Centros de Iniciativa Empresarial. Nesta orde introdúcese unha nova denominación dos MPD, que pasan a chamarse Unidades de Promoción e Desenvolvemento (UPD), así como unha serie de cambios centrados na súa maior dedicación ó apoio do Programa de Escolas Obradoiro no ámbito provincial e ás accións de fomento do emprego e das posibilidades de inserción laboral no territorio.

En 1998 tivo lugar o proceso de transferencia de funcións e servizos en materia de traballo, emprego e formación entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia. As políticas activas de emprego pasaron a ser competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e así neste mesmo ano publicouse a Orde que regulou determinados aspectos do Programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio para Galicia. Pero non foi ata o ano 2001 cando o Programa de Escolas Obradoiro desvinculouse do Programa das Unidades de Promoción e Desenvolvemento. Data na que se publica o Decreto que será desenvolvido na Orde de 4 de abril de 2002.



Na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo o primeiro proxecto deste tipo xurdiu en 1995, baixo a denominación de Módulo de Promoción e Desenvolvemento e rexido pola Orde do *Ministerio de Trabajo* de 29 de marzo de 1988, e o segundo e terceiro, de 1998 e 2001 respectivamente, xa se rexen pola normativa que depende da Comunidade Autónoma de Galicia e que os denomina Unidades.

7.2. O papel das UPDs

As Unidades de Promoción e Desenvolvemento son elementos clave na dinamización de políticas e actuacións de desenvolvemento local, que integran tanto obxectivos económicos, como sociais, culturais, ambientais, etc., e que tratan de impulsar un aproveitamento das potencialidades e recursos propios baixo criterios de sustentabilidade, promovendo a un tempo os programas de emprego-formación dun xeito planificado, na procura dun modelo de emprego que se axuste á realidade socioeconómica e ás potencialidades do territorio sobre os que actúan.

Entre os seus cometidos, encóntranse os seguintes:

- Investigación das oportunidades de desenvolvemento e emprego, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos recursos, colaborando no deseño, coordinación e planificación de accións e estratexias.
- Fomento da información sobre emprego e desenvolvemento, dirixida cara todos aqueles axentes e entidades do territorio que poidan estar interesados na mesma.
- Apoio ós programas públicos de emprego e, en especial, ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego. Apoio ás entidades promotoras de escolas e obradoiros no deseño e redacción de proxectos e no apoio, dinamización e avaliación das súas accións.
- Desenvolvemento de estratexias e metodoloxías de apoio á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ó autoemprego de persoas desempregadas.



- Colaboración na implantación das políticas activas de emprego no territorio, coordinando as actuacións dos técnicos locais de emprego no seu ámbito de actuación.

O feito de que, desde a creación do primeiro Módulo de Promoción e Desenvolvemento, en 1990, continúen en activo estes equipos, valida o traballo realizado polos mesmos na provincia de Pontevedra e noutros ámbitos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado. Estas unidades mantéñense, polo tanto, por ser válidos no apoio e dinamización territorial e no fomento dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, por ser instrumentos de análise e diagnóstico territorial, por realizar unha promoción de recursos e potencialidades locais e por favorecer unha dinamización dos axentes territoriais.


En concreto, na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, os tres equipos (un módulo e dúas unidades) veñen realizando desde 1995 ata o momento un intenso traballo de acordo ós obxectivos que se marcan e ás estratexias e métodos que establecen nos seus proxectos, o que se traduce en aspectos tales como a elaboración de inventarios de recursos territoriais, estudos socioeconómicos, programas formativos ou plans de infraestructuras de formación e emprego, creación dun Servicio de Asesoramento a Emprendedores que naceu cun primeiro obxectivo centrado no asesoramento ós proxectos empresarias provenientes do alumnado das escolas obradoiro, así como o fomento e a integración da rede dos técnicos de emprego e desenvolvemento local dos municipios que forman parte do ámbito metropolitano.

Ademais, como dinamizadores do desenvolvemento local, as unidades levan a cabo, na área de Vigo, un intenso labor de colaboración cos axentes e entidades do territorio de cara ó fomento de iniciativas e programas que concorren ós mecanismos de financiamento da Unión Europea, o que ata o ano 2003 se ten concretado na aprobación e posta en marcha de proxectos tan importantes como PEGASO (programa de emprego para a adaptación en sectores e ocupacións. Iniciativa comunitaria ADAPT), os proxectos de desenvolvemento e diversificación económica de áreas rurais presentados os programas PRODER I e PRODER II ou o proxecto Compás (Iniciativa europea EQUAL), que teñen significado máis de 18 millóns de euros para o financiamento de accións de formación, emprego e desenvolvemento local na área metropolitana de Vigo.



Finalmente, con relación ó Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, as UPDs da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo destacan polo esforzo realizado na sensibilización da poboación en xeral e, en particular, dos axentes implicados no desenvolvemento de cara a coñecer a utilidade deste tipo de programas, así como na creación de recursos e infraestruturas de apoio a nivel da provincia de Pontevedra, o que se ten manifestado na elaboración de estudos sobre ditos programas, asesoramento a entidades promotoras, redacción de proxectos, apoio a cadros directivos e formadores, realización de accións de promoción do autoemprego e da iniciativa emprendedora no alumnado, elaboración de publicacións de materiais didácticos e informativos sobre o programa, ou a creación de medios de comunicación e información, como poden ser a páxina web da UPD, o boletín electrónico Arco da Nova ou a Revista Landra, todos eles recursos que, aínda que xorden no ámbito intermunicipal de Vigo e da provincia de Pontevedra, en moitos casos poden ser de utilidade ou interese para o conxunto do programa a nivel de Galicia.





A UPD RESPONDE

• ***¿Por que é necesario promover escolas obradoiro ou obradoiros de emprego?***

Porque ó estar dentro das políticas activas de emprego, e caracterizarse por ser un programa no que a formación altermase coa práctica laboral, son un mecanismos idóneos para favorecer a empregabilidade daquela poboación con dificultades de inserción laboral. Ademais, ó promover obras ou servicios de carácter social conseguen unha dinamización que vai repercutir no desenvolvemento dun ámbito territorial ó satisfacer necesidades sentidas polo conxunto da poboación ou certos colectivos.

• ***¿Que normativa regula estes programas?***

Anualmente, saen publicadas no DOG as subvencións destinadas a este tipo de programas, así como os requisitos necesarios para solicitálos, se ben as bases reguladoras están establecidas na Orde do 4 de abril do 2002 (DOG do 19 de abril do 2002).

• ***¿Quen pode promover unha escola ou un obradoiro?***

Calquera entidade pública ou privada sen ánimo de lucro coma por exemplo asociacións, fundacións, federacións, concellos, deputacións, sindicatos, ONGs, mancomunidades, etc.

• ***¿Quen pode informar sobre os requisitos mínimos para elaborar un proxecto deste tipo?***

A priori a figura máis próxima que pode dar resposta ás dúbidas é o Técnico Local de Emprego. De non existir esta figura no ámbito territorial pódese acudir ás Unidades de Promoción e Desenvolvemento ou directamente á Sección de Escolas Obradoiro da Delegación Provincial correspondente da Xunta de Galicia.

• ***¿Como saber se realizar unha obra ou servicio?***

As accións da escola ou obradoiro deben estar en función das necesidades existentes no seu ámbito de actuación, así como das posibilidades de inserción do colectivo formado a través deste proxecto. En consecuencia, a priori é viable a realización tanto dunha obra coma dun servicio, ou mesmo a súa combinación.



• *¿Que gastos ten que cubrir a entidade promotora?*

Todos aqueles referidos á realización da obra ou prestación de servizos como materiais, maquinaria, acondicionamento das instalacións da escola ou obradoiro, etc.

• *¿Que gastos cubre a Xunta de Galicia?*

Todos aqueles referidos ó funcionamento da escola obradoiro ou obradoiro de emprego que se refiren ós de formación profesional ocupacional, as bolsas dos alumnos durante a primeira etapa e os custos salariais derivados dos contratos que se subscriban co alumnado traballador do proxecto.

• *Para coñecer o contorno débese elaborar un estudio do mesmo. ¿Onde se poden atopar datos sobre mercado laboral e situación socioeconómica do territorio?*

Existen diversas fontes que proporcionan datos estatísticos como poden ser o Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estadística, e o Servicio Galego de Colocación. Todos eles posúen páxinas web. Así mesmo, os Técnicos Locais de Emprego ou as UPDs adoitan ter este tipo de información.

• *¿Que ámbito territorial pode abranguer un proxecto?*

Aínda que normalmente os proxectos abranguen un municipio, existe a posibilidade de que se unan varios para levar a cabo un proxecto.

• *¿Como se poden conseguir os códigos de cada especialidade?*

A información dos códigos correspondentes a cada especialidade pode proporcionala a UPD ou a Sección de Escolas Obradoiro da delegación Provincial.

• *¿Onde se poden ver as diferentes especialidades existentes en cada familia profesional e as súas características?*

Na páxina web da Xunta de Galicia, no seu apartado de “formación e colocación” preséntanse as familias profesionais de formación ocupacional onde se enumeran e explican todas as existentes.



• ***¿Onde se poden atopar os certificados de profesionalidade de cada especialidade?***

Na páxina web da Xunta de Galicia, dentro do apartado de “formación e colocación”, inclúese un epígrafe referido ó Servicio de Deseño e Acreditación das Cualificacións a través do que se poden consultar os certificados de profesionalidade.

• ***¿Que grao de inserción laboral se debe conseguir?***

A orde en ningún momento especifica o grao de inserción que se debe conseguir. Sen embargo, consideramos que unha porcentaxe do 50% ou superior podería ser un bo resultado. Hai que ter en conta que o éxito da inserción laboral vai depender dos convenios que poida establecer a entidade promotora así como das relacións que o orientador da escola ou obradoiro e o equipo directivo manteñan co empresariado.

• ***¿Que equipo técnico básico se necesita para por en marcha un proxecto de EO/OE?***

O persoal mínimo que se debe contratar é un director/a, un titor/a, un administrativo/a e tantos docentes como especialidades teña o proxecto. Ademais, e se o orzamento o permite sería conveniente ter un/unha profesor/a de educación compensatoria e un orientador/a para o módulo de xestión do emprego.

• ***¿Cales son os pasos a seguir para presentar un proxecto desde o seu inicio ata o seu remate?***

En primeiro lugar a entidade debe entregar na Sección de Escolas unha pequena memoria na que se especifique o tipo de acción que se pretende realizar, xustificando o seu obxectivo e a necesidade de levalla a cabo, así como as especialidades a desenvolver.

Unha vez que a Sección da o visto bo, a entidade debe proceder á elaboración do proxecto podendo contar co apoio da Unidade de Promoción e Desenvolvemento.



• ***¿Que condicións mínimas debe reunir un proxecto para ser aprobado pola Sección de Escolas?***

Á hora de valorar a viabilidade do proxecto nun determinado territorio teranse en conta os seguintes aspectos:

- Ter suficiente volume de participantes.
- As Posibilidades de inserción posterior do colectivo participante.
- O Carácter innovador do proxecto.
- A Calidade do proxecto.
- A Calidade do plan formativo.
- O esforzo de investimento da entidade promotora e posibles entidades colaboradoras.

• ***¿Que requisitos mínimos debe cumprir o alumnado para participar nun proxecto deste tipo?***


- Deberán ter menos de 25 anos no caso das escolas obradoiro e máis de 25 anos nos obradoiros de emprego.
- Deberán estar inscritos como demandantes de emprego no Servicio Galego de Colocación.


• ***¿Quen debe realizar a selección do alumnado?***

A Sección de Escolas de cada delegación provincial a partir dun listado obtido a través do Servicio Galego de Colocación.

• ***¿Onde se pode atopar información sobre outras experiencias?***

Na páxina web do INEM no apartado dedicado a escolas e obradoiros ou na web da UPD da Mancomunidade de Vigo.





GLOSARIO

Axentes de Emprego: Son persoas traballadoras dos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro contratadas para a realización de funcións relacionadas coa dinamización e xeración de novas actividades, colaborando na implantación das políticas activas de emprego vinculadas coa creación de actividade empresarial. A súas funcións son as que lles corresponden ós Técnicos Locais de Emprego.

Capacitación profesional: É o resultado dunha acción formativa na que o suxeito adquire os coñecementos teórico-prácticos dunha profesión, así como as destrezas e actitudes necesarias para o correcto desempeño da mesma.

Centros de Iniciativas Empresariais: Trátase dunhas infraestructuras que dan acollida a pequenos proxectos empresariais a partir da utilización de espazos físicos e servizos comúns, especialmente recursos informáticos e telemáticos, durante o período de posta en marcha da actividade. Contan co equipamento mínimo necesario para que os emprendedores acollidos neles podan iniciar as súas actividades, dispoñan de elementos como mobiliario de oficina, equipos informáticos, conexión a Internet, acceso a fax, salas de reunións, etc. Así mesmo son centros que ofrecen asistencia técnica e asesoramento tanto para a posta en marcha da actividade como para a súa posterior consolidación.

Certificados de profesionalidade: Documento de carácter oficial, regulado por Real Decreto, válido en todo o territorio español que describe os contidos mínimos que debe conter toda acción formativa encamiñada a capacitar ás persoas para o correcto desempeño dunha ocupación. Ten por finalidade acreditar as competencias profesionais adquiridas mediante accións de formación profesional ocupacional, Programas de Escolas Obradoiro, Casas de Oficios e Obradoiros de Emprego, contratos para a formación, accións de formación continua ou experiencia laboral. Tamén se poderá acceder ó certificado de profesionalidade en virtude das validacións e equivalencias entre os módulos profesionais da formación profesional regrada, da formación profesional ocupacional e dos programas específicos de garantía social que establezan o *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte* e o *Ministerio de Trabajo*.



Contrato de formación: É un acordo entre empresario e traballador polo que este debe prestar determinados servizos por conta do empresario e baixo a súa dirección, a cambio dunha retribución e unha formación nunha determinada profesión. Poderase concertar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 21 anos, que carezan da titulación requirida para realizar un contrato en prácticas. O límite máximo de idade non será de aplicación cando o contrato se concerte co alumnado traballador de escolas obradoiro, obradoiros de emprego e casas de oficio, minusválidos, traballadores estranxeiros durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo, desempregados que leven máis de 3 anos sen actividade laboral e aquelas persoas que se atopen en situación de exclusión social.

Desenvolvemento local: Estratexia económica promovida pola administración municipal co fin de conseguir crecemento e prosperidade mediante a posta en valor dos seus propios recursos a través de concertación económica e social.

Educación Secundaria Obrigatoria: Nova etapa educativa, obrigatoria e gratuíta, que substitúe ós dous últimos cursos da antiga E.X.B. (7º e 8º) e os dous primeiros das Ensinanzas Medias (1º e 2º de BUP ou de FP). Esta etapa divídese en dous ciclos: o primeiro abrangue desde os 12 ós 14 anos (1º e 2º curso); é un segundo ciclo, dos 14 ós 16, (3º e 4º). Coa finalización desta etapa de ensinanza obrigatoria e unha vez conseguidos os obxectivos académicos establecidos, o alumnado obterá o título de Graduado en Educación Secundaria.

Empregabilidade: Conxunto de aptitudes cos que conta unha persoa desempregada e que poden ser consideradas, en termos de economía de empresa, como vantaxes competitivas á hora de optar a un posto de traballo.

Estratexia territorial: Conxunto de previsións realizadas para utilizar ou aproveitar na maior medida ou para lograr a súa contribución a outros fins máis xenéricos como o benestar social. Nunha situación definida pola competencia hai que asegurar a decisión óptima en cada momento co fin de favorecer o control de determinados espazos, o crecemento económico ou a desconxestión de certas áreas, entre outras posibilidades.



Itinerarios de inserción laboral: Proceso no que as persoas a través dun conxunto de accións van adquirindo as competencias persoais e profesionais, definindo o seu obxectivo profesional e mellorando a súa ocupabilidade.

Itinerarios formativos modulares: Sucesión de módulos formativos que abranguen a totalidade dos coñecementos teórico-prácticos imprescindibles para o logro do certificado de profesionalidade dunha ocupación.

Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (NTICs): Representan un conxunto converxente de tecnoloxías como a informática, a microelectrónica, as telecomunicacións, a televisión, a radio e a optoelectrónica, que van a permitir a produción e consumo masivo de información, así como un elevado grao de interconexión entre os elementos do sistema.

Novos xacementos de emprego: O *Libro Blanco Crecimiento, competitividad y empleo. Retos y pistas para entrar en el siglo XXI* define a estes como os ámbitos da actividade económica xeradores intensivos de emprego que veñen a satisfacer as necesidades novas da sociedade xurdidas ante a evolución das formas de vivir, a transformación das estruturas e das relación familiares, o aumento da actividade das mulleres e as novas aspiracións dunha poboación avellentada, así como a necesidade de reparar os danos ocasionados ó medio e a rehabilitación do patrimonio. A Comisión Europea os clasifica en 17 ámbitos agrupados en catro áreas: servizos da vida diaria, servizos de mellora do marco de vida, servizos culturais e de ocio e servizos de medio ambiente.

Ocupabilidade: Grao de inserción laboral do que dispón cada persoa.

Oferta de emprego: Acto polo que alguén que emprega, un empresario, da a coñecer a existencia de vacantes de postos de traballo na súa organización e manifesta a súa bondade de cubrilos.

Orientador laboral: Profesional que apoia a aquelas persoas que se atopan en situación de busca de emprego, dotándoas das competencias necesarias para que podan identificar, elixir e reconducir alternativas formativas e profesionais, acordos co seu potencial e proxecto



vital, tendo sempre en conta o ofertado polo contorno formativo e laboral. Ademais ofrece ferramentas útiles no proceso de busca, nun mercado cada día máis cambiante para o que é necesario unha continua adaptación e reciclaxe.

Plan formativo: Conxunto coordinado e integrado de accións para a aprendizaxe co fin de acadar de forma máis eficiente a capacitación profesional.

Plans de desenvolvemento comarcal: É un instrumento estratéxico para favorecer a coordinación administrativa e do investimento público co fin de potenciar o desenvolvemento local.

Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP): Serie de accións de capacitación nunha determinada ocupación promovidas desde a Xunta de Galicia e dirixidas ó colectivo de desempregados. O seu obxectivo é potenciar a súa inserción e reinserción profesional mediante a cualificación e actualización das competencias profesionais, acreditadas mediante as certificacións profesionais correspondentes.

Poboación activa: Son as persoas de ambos sexos, que tendo 16 anos ou máis, forman parte da man de obra dedicada á produción de bens ou servicios (poboación ocupada) ou están dispoñibles para elo pois están buscando un emprego remunerado (poboación desempregada).

Poboación desempregada: Volume de persoas de 16 ou máis anos que estando en disposición de traballar non atopan ocupación.

Poboación ocupada: Son as persoas de 16 ou máis anos que realizan unha actividade remunerada ben por conta propia, ben por conta allea.

Políticas activas de emprego: Medidas encamiñadas a mellorar as condicións do emprego a través da participación do desempregado na busca dunha actividade e a optimización da súa empregabilidade. Nelas están incluídas accións de formación, orientación, asesoramento, apoio á contratación directa por parte da administración pública, axudas ás empresas privadas para a contratación, etc.



Políticas pasivas de emprego: Instrumentos de apoio ás persoas que estando en situación para traballar non atopan unha ocupación e que se materializan a través de achegas normalmente de carácter económico.

Presuposto de Execución Material: Custo de execución material dunha obra de construción, incluíndo man de obra, materiais de obra e medios auxiliares, e todos os traballos necesarios para a súa execución e completa terminación e remate. Non contempla as taxas nin o Beneficio Industrial e Gastos Xerais do constructor, como tampouco os honorarios dos técnicos facultativos. Debe constar como parte dun Proxecto Básico e de Execución.

Proxecto Básico de Obra: Fase, dentro do traballo do arquitecto, na que se definen de modo preciso as características xerais da obra, coa correspondente adopción e xustificación de solucións concretas. O seu contido é suficiente para obter o visado colexial e a licenza municipal, pero insuficiente para levar a cabo a construción. Contén entre os seus documentos:

- Memoria descriptiva e xustificativa das características e solucións adoptadas
- Planos acotados de plantas, alzados e seccións
- Presuposto con estimación global por capítulos

Proxecto de Execución: Fase consecutiva á que desenvolve o Proxecto Básico. Nel existe unha determinación completa de detalles e especificacións dos materiais, elementos, sistemas constructivos e equipos. Pode levarse a cabo na súa totalidade antes do comezo da obra, ou parcialmente antes e durante a execución da mesma. O seu contido regulamentario é suficiente para obter o visado colexial necesario para iniciar as obras de construción. Este contido se compón dos seguintes documentos:

- Memoria de cimentación e estrutura. Planos de detalle.
- Esquemas e dimensións de instalacións.
- Prego de condicións técnicas.
- Normas de obrigado cumprimento.
- Estado de medicións.
- Estudio de seguridade e saúde.
- Presuposto de execución material, obtido por aplicación de prezos unitarios de obra.



Frecuentemente, nos proxectos de construción elaborados por arquitectos, e posto que se trata de fases consecutivas do traballo proxectual, adoita presentarse conxuntamente o Proxecto Básico e o Proxecto de Execución ós trámites administrativos, constituíndo un documento unitario e global que recibe o nome de “Proxecto Básico de Execución”.

Recursos endóxenos: Recursos humanos e materiais dun lugar determinado.

Salario Mínimo Interprofesional: É o salario mínimo que debe recibir un traballador de calquera actividade na agricultura, na industria, na construción e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade. Neste salario se computan tanto a retribución en diñeiro como en especie, referíndose á xornada legal de traballo de cada actividade. Este salario establécese cada ano polo goberno.

Taxa de actividade: Porcentaxe de activos (ocupados e desempregados) con respecto a poboación maior de 16 anos.

Taxa de ocupación: Porcentaxe de ocupados con respecto a poboación maior de 16 anos.

Taxa de desemprego: Porcentaxe de desempregados con respecto a poboación activa que son as persoas que traballan ou están en disposición de facelo.

Técnicos Locais de Emprego: Configúranse como persoas traballadoras das entidades locais ou das entidades dependentes ou vinculadas a unha administración local que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. Entre as súas actividades están a análise da evolución e repercusión das medidas de emprego na súa zona de actuación, colaborar co resto dos integrantes da rede no intercambio de coñecementos e experiencias, así como realizar prospeccións de recursos ociosos ou infrautilizados identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, asesorar sobre a viabilidade técnica, económica e financeira de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos e apoiar ós promotores das empresas, unha vez constituídas estas.



Unidades de Promoción e Desenvolvemento (UPD): Son módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que teñen por finalidade actuar sobre as potencialidades de desenvolvemento, fomentando a creación de emprego. Constitúen uns instrumentos que teñen como obxectivo último a inserción laboral de desempregados, mediante a elaboración de plans e proxectos integrais de execución de políticas activas de emprego.





BIBLIOGRAFÍA

- ALVAREZ GONZÁLEZ M. Y BISQUERA ALZINA, R. *Manual de orientación y tutoría*. CISS Praxis Educación S.A. 1996.
- ANTONS, K. *Práctica de la dinámica de grupo*. Herder. 1990.
- ASOCIACIÓN GALEGA DE XEÓGRAFOS. *Diccionario Galego de Xeografía*. Xunta de Galicia. 1992.
- BALBOA LÓPEZ, X. *O monte en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia. 1990.
- BALTAR TOJO, R. *Arquitectura y preexistencias, una referencia gallega*. Edicións do Castro. 1986.
- BAS, B. *Muiños de marés e de vento en Galicia*. Fundación Barrié de la Maza. 1991.
- BLASCO CALVO, P.; Perez Boullosa, A. *Orientación e Inserción Profesional: Fundamentos y Tendencias*. Nau Llibres. 2001.
- BLASCO CALVO, P.; Perez Boullosa, A. *Orientación e Inserción Profesional: Competencias y entrenamiento para su práctica*. Nau Llibres. 2001.
- BOM, W. *Abrirse paso. Orientación laboral y profesional para mujeres*. El Roure. 1994.
- CAAMAÑO GESTO, J. M. *Las vías romanas. En Enciclopedia Galicia Arte*. Ediciones Hércules. 1993.
- CABALLO, V. E. *Manual de evaluación y entrenamiento de habilidades sociales*. Siglo XXI. 1988.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. *Crecimiento, competitividad y empleo. Retos y pistas para entrar en el siglo XX.I*. Libro Blanco. 1993.
- COMISIÓN EUROPEA. *Guía de las iniciativas comunitarias*. 1994-1999. Comisión Europea. 1994.
- CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS. *Directrices para a ordenación urbanística nos municipios galegos (normas tipo)*. Xunta de Galicia. 1992.
- ESCRIBANO, M. *Et Alt. El paisaje*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. 1989.
- FARIÑA JAMARDO, J. *El hábitat gallego*. Deputación Provincial da Coruña. 1981.



FONDO DE FORMACIÓN DE SEVILLA. *Orienta*. Consejería de Trabajo de la Junta de Andalucía. Dirección General de Formación Profesional y Empleo. 1997.

FOSTER, T. R. *101 métodos para generar ideas: como ayudar a estimular la creatividad*. Deusto. 1993.

FRANCIA, A. ; Mata , J. *Dinámias y técnicas de grupo*. CCS. 1999.

GARCÍA IGLESIAS, X. M; *Coag. Pazos de Galicia*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e Xunta de Galicia.1992.

GÓMEZ DE AGÜERO DE ACUÑA, J. L. *Et Alt. Formación y orientación laboral*. Mc Graw Hill. 1999.

GOMEZ GOMEZ, J.L. (coord.). *Manual Básico de Economía en Galego*. La Voz de Galicia. 1993.

GÓMEZ OREA, D. *El espacio rural en la ordenación del territorio*. Instituto de Estudios Agrarios, Pesqueros y Alimentarios. 1985.

GONZÁLEZ BERNÁLDEZ, F. *Ecología y paisaje*. Editorial Blume. 1981.

GONZÁLEZ, L.; POUSA, Z.; VERDUGO, R. *Guía práctica para crear unha empresa*. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 2000.

GUIBERTEAU, A.; LABRADOR, J. *Técnicas de cultivo en agricultura ecológica*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. 1992.

HERNÁNDEZ, J.; LÓPEZ, J. M. *Cambios en la utilización del suelo y producción agrícola en Galicia (1960-1985)*. En Actas del V Coloquio de Geografía Agraria. Santiago, 1988.

HOSTIE, R. *Técnicas de dinámica de grupo*. ICCE. 1990.

INEM. *Escuelas Taller y Casas de Oficio*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. 1995.

INEM. *Escuelas Taller y Casas de Oficio*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. 1997.

INSTITUTO DE LA MUJER. MABEM: *Manual de Orientación para la Búsqueda de Empleo para Mujeres*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. 1998.

JUARA COLOMER, J.A. *Escuela Taller. La creación de empleo desde la recuperación del patrimonio*. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. 1993.



- LEBOREIRO AMARO, M. A. *O medio rural, un modo de ocupación do espacio*. Concello de Vigo. 1994.
- LOPEZ, C.; PASCUAL, A. I. *Manual para o Desenvolvemento de Habilidades Persoais cara ó Emprego no Programa de Escolas Obradoiro*. Unidade de Promoción e Desenvolvemento. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 2001.
- LÓPEZ, G. *Guía do senderista do concello de Vigo*. Concello de Vigo. 1998.
- LLANO CABADO, P. *Piornedo. Estudio básico para a rehabilitación integrada dunha aldea rural*. Xunta de Galicia. 1987.
- LLANO CABADO, P. *Arquitectura popular en Galicia*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1981.
- LLANO CABADO, P. *Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1996.
- MALOSSE, H. *Europa a su alcance*. Fundación Galicia-Europa. 1996.
- MANUEL ALVAREZ, et al. *La orientación vocacional a través del currículo y de la tutoría*. Graó. 1994.
- MARIÑO FERRO, X. R. *Cultura popular*. Museo do Pobo Galego. 1985.
- MARTÍ, C. A. *Las variantes del tipo*. Ediciones Serbal. 1993.
- MARTÍNEZ, S., SAAVEDRA B., TROITIÑO X., DÁVILA S. *Unha axuda cara á empregabilidade. Guía do orientador-xestor*. Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego. Unidade de Promoción e Desenvolvemento. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 2003.
- MATEO, J. L. et al. *Catálogo do patrimonio etnográfico inmovible nas parroquias de Vigo*. Concello de Vigo. 1996.
- MAYORAL LOBATO, J. *Mercado de Trabajo, políticas de empleo y desarrollo local*. Fundación Universidad-Empresa. 1992.
- MENDEZ, X.; RIVOIRA, D.; RODRÍGUEZ, JD. *A conservación e o desenvolvemento do medio rural. Guía para a sensibilización*. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 1999.
- MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN. *Saneamiento y depuración de augas residuales en pequeños núcleos rurales*. M.A.P.A. 1988.



MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO. *Guías metodológicas para la elaboración de estudios de impacto ambiental*. M.O.P.U. 1989.

MÓDULO DE PROMOCIÓN E DESENVOLVIMENTO DO BAIXO MIÑO. *A comarca do Baixo Miño. Home e paisaxe*. Concello de Tui. 1992.

NOVO VILLAVERDE, M. *Educación ambiental*. Edicións Anaya. 1988.

NÚÑEZ, T.; *Loscertales, F. El grupo y su eficacia*. EUB. 1997.

OBSERVATORIO EUROPEO DE INNOVACIÓN Y DESARROLLO RURAL. *La constitución del proyecto de desarrollo local: la experiencia de LEADER I*. Cuadernos LEADER. 1995.

OBSERVATORIO EUROPEO LEADER. *Comercializar un turismo rural de calidad: la experiencia de LEADER I*. Cuadernos LEADER. 1996.

OBSERVATORIO OCUPACIONAL E INFYDE. *El desarrollo del ámbito rural y su incidencia en la generación de empleo*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. 2000.

PEREIRA MOLARES, A. M. *A arquitectura do pazo en Vigo e a súa comarca*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1979.

PÉREZ MOREIRA, R. *Ecoloxía e ordenación forestal*. Xunta de Galicia. 1990.

PORTELA, C. *Estudio de los elementos naturales y artificiales determinantes del medio rural*. Caso gallego. Edita MOPU. 1983.

PORTELA, C.; PINO, D.; NEBOT, F. *O planeamento do mundo rural galego. Un exemplo: o plan xeral de ordenación de As Neves*. Edicións De la Torre. 1981.

PRECEDO LEDO, A. *Desenvolvemento Territorial e Planificación Comarcal*. Xunta de Galicia. 1994.

PRECEDO, A.; RODRÍGUEZ, R.; VILLARINO, M. VIGO. *Área metropolitana*. Fundación Caixa Galicia. 1989.

PUCHOL, L. *La venta de sí mismo*. Díaz de Santos. 1997.

RAMOS, A. ET ALT. *Guía para la elaboración de estudios del medio físico: contenido y metodología*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. 1984.



- RIGUEIRO, A.; SILVA, F. J.; SALINERO, M. C. *O aproveitamento múltiple do monte. En Revista Galega de Estudos Agrarios, nº 10.* Xunta de Galicia. 1988.
- ROSSI, A. *La arquitectura de la ciudad.* Editorial Gili. 1917.
- SILVA PANDO, F. J.; RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. *Guía das arbores e bosques de Galicia.* Editorial Galaxia. Vigo 1992.
- SIMÓN, P.; ALBERT, L. *Las relaciones interpersonales.* Herder. 1989.
- SOLIÑO TRONCOSO, M. *Et Alt. Gondomar. Historia, arte e territorio.* Ir Indo Edicións. 1995.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M. *Encol do traballador simbiótico ou o proceso de urbanización do campo galego.* En Revista Galega de Estudos Agrarios, nº 5. Xunta de Galicia. 1981.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M. *Vigo. Cen anos de historia urbana (1880-1980).* Edicións Xerais de Galicia. 1990.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M. *Xeografía humana.* Editorial Galaxia. 1988.
- TORRES LUNA, M. P. DE. *De un criterio sobre la distribución del hábitat rural en Galicia y la división regional.* En Boletín de la Real Sociedad Geográfica. 1976.
- TRICART, J.; KILIAN, J. *La eco-geografía y la ordenación del medio natural.* Editorial Anagrama. 1982.
- UNIDAD DE PROMOCIÓN Y DESARROLLO DE ALICANTE. *Guía para la Inserción Laboral de alumnos/as de proyectos de escuelas taller, casas de oficio y talleres de empleo.* Excm. Diputación Provincial de Alicante. 2003.
- UNIDAD DE PROMOCIÓN Y DESARROLLO DE CASTELLÓN. *Manual de búsqueda de empleo y orientación laboral.* Diputació de Castelló.
- UPD LUGO. BOLETÍN UPD, nº 5. *Deputación Provincial de Lugo.* Grafic-Lugo S.L. 1999.
- UPD ALICANTE. BOLETÍN UPD. *Exma. Diputación Provincial de Alicante.* Alicante. 2000.
- VALENZUELA RUBIO, M. (COORD.). *Economía, sociedad y territorio.* Universidad Autónoma de Madrid. 1999.



- VÁZQUEZ BARQUERO, A. *Et Alt. Áreas rurales con capacidad de desarrollo endógeno*. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. 1987.
- VAZQUEZ BARQUERO, A. *Política Económica Local*. Pirámide. 1993.
- VILLALBA QUINTANA, S.; FUENTES-PILA ESTRADA, J. *Agricultura sostenible*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. 1994.
- VV.AA. *Agenda Gallega del autoempleo: Como crear una empresa*. Confederación de Empresarios de Galicia y Centros de Servicios Empresariales de Galicia. 1997.
- VV.AA. *Cuadernos para la inserción laboral, como desarrollar la empleabilidad*. Cáritas española. 1999.
- VV.AA. *Curso de capacitación para o desempeño de funcións de nivel básico*. Xunta de Galicia. 1999.
- VV.AA. *Curso Superior de Desarrollo Territorial*. Instituto Nacional de Empleo e Universidad Autónoma de Madrid. 1996.
- VV.AA. *Encuentros de desarrollo local y empleo*. Concello de Culleredo. 1999.
- VV.AA. *Escuela Cero. Programa Escuelas Taller y Casas de Oficio*. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. 1988.
- VV.AA. *Estudio socioeconómico da área de Vigo. Unidade de promoción e Desenvolvemento*. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 2001.
- VV.AA. *Foro de la Formación*. Confederación de Empresarios de Galicia. 1998.
- VV.AA. *Galicia. A destrucción e a integración do patrimonio arquitectónico*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1981.
- VV.AA. *Galicia. Patrimonio arquitectónico, cidade e territorio*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1984.
- VV.AA. *Habilidades sociais para a busca de emprego. Manual para o titor insertor*. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. 2000.
- VV.AA. *Manual de orientación para el empleo*. Confederación de Empresarios de Galicia y Centros de Servicios Empresariales de Galicia. 1998.

